



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27 de marzo de 2026



RELACIÓN DE ASUNTOS TRATADOS NO PLENO ORDINARIO CELEBRADO O 27 DE MARZO DE 2026.

Información e actividade corporativa

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/2026 de 27 de febreiro.
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de febreiro ata o 22 de marzo de 2026.
3. Proposición da Presidencia ao Pleno do 27 de marzo de 2026 sobre o cambio de data da sesión ordinaria do cuarto mes do ano 2026.

Comisión de Deporte

4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Club Universitario de Ferrol para o cofinanciamento dos gastos de participación do ano 2025 do equipo de baloncesto feminino nas eliminatorias da competición internacional EuroCup Women 2024-25.

Comisión de Política Social, Educación e Mocidade

5. Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026.

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamentos

6. Aprobación da rectificación do Inventario da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2025
7. Aprobación da ampliación do prazo de execución do segundo contrato baseado no acordo marco para a prestación dos servizos incluídos no proxecto de transformación dixital nas Entidades Locais da provincia da Coruña (TEDeC e plataformas complementarias), expediente PCO.001.2020.00362

Comisión de Plans Provinciais e Asistencia a Municipios

8. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Pavimentación de accesos na Castellana", do Concello de Aranga incluído na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2025 co código 2025.2102.0606.0, levantamento da condición á que quedou sometido e aprobación definitiva deste investimento
9. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Alumeado de río Sáramo a Quian e outro" do Concello de Boqueixón, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2025, co código 2025.2102.0419.0.
10. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodadura e formación de cunetas de formigón na rúa da Fraga", do Concello de Carral,



incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, co código 2025.2000.0227.0

11. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodadura da estrada de Montecelo ao lugar da Poza", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, co código 2025.2000.0228.0

12. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación de pavimentos nas Rúas Río Miño, Río Sor e Sanchola", do Concello de Cariño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2000.0251.0.

Comisión de Facenda, Especial de Contas, Recursos Humanos e Avance Dixital

13. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xaneiro de 2026.

14. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a febreiro de 2026.

15. Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2025.

16. Dación de conta da remisión da relación de contratos do ano 2025 e determinados expedientes de contratación á Plataforma de Rendición de Contas.

17. Dación de conta da remisión da relación de convenios do ano 2025 e determinados expedientes de convenios á Plataforma de Rendición de Contas.

18. Dación de conta da remisión das asignacións pagadas aos grupos políticos provinciais no ano 2025 á Plataforma de Rendición de Contas.

19. Dación de conta do Informe-resumo de resultados de control interno no Exercicio 2025 ao que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

20. Dación de conta do Plan de control interno do ano 2026.

21. Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2027-2029.

22. Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2025.

23. Dación de conta da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

24. Aprobación da revisión da Política de Seguridade da Deputación da Coruña.

25. Proposta de desestimación do recurso de reposición interposto polo Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos contra o acordo do pleno corporativo de 30/01/2026 polo que se aproba definitivamente a relación de postos de traballo 2026



(Boletín Oficial da Provincia número 24, do 5 de febreiro de 2026).

26. Proposta de desestimación do recurso de reposición interposto por M. C. D. S. co documento nacional de identidade ***5882** contra o acordo do pleno corporativo de 30/01/2026 polo que se aproba definitivamente a Relación de postos de traballo 2026 (Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 24, do 5 de febreiro de 2026).

27. Proposta de desestimación do recurso de reposición interposto por R. M. T. J. co documento nacional de identidade ***6914** contra o acordo do pleno corporativo de 30/01/2026 polo que se aproba definitivamente a relación de postos de traballo 2026 (Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 24, do 5 de febreiro de 2026).

28. Proposta de desestimación do recurso de reposición interposto por J. A. M. L. co documento nacional de identidade ***9536** contra o acordo do pleno corporativo de 30/01/2026 polo que se aproba definitivamente a Relación de postos de traballo 2026 (Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 24, do 5 de febreiro de 2026).

29. Proposta de desestimación do recurso de reposición interposto por J. P. P. co documento nacional de identidade ***8176**, actuando en representación da Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF) contra o acordo do pleno corporativo de 30/01/2026 polo que se aproba definitivamente a Relación de postos de traballo 2026 (Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 24, do 5 de febreiro de 2026).

Comisión de Infraestruturas Viarias e Obras Provinciais

30. Aprobación definitiva do proxecto da obra mellora da seguridade viaria na estrada DP 3802 (Ordes-Pontecarreira), Punto Quilométrico 14+445 ao 16+825, marxe esquerda (Frades), incluído no Plan de Vías Provinciais

31. Aprobación inicial do proxecto actualización do proxecto de ampliación e senda na DP 7602 Feira de San Sadurniño a Riboira punto quilométrico 0+100 ao 1+600 (San Sadurniño)

ACTUACIÓN DE CONTROL: MOCIÓNS

1.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE referente á tramitación da nova Lei de administración local de Galicia

2.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG para solicitarlle á Xunta de Galicia a dotación dunha ambulancia medicalizada na Comarca de Bergantiños e na Costa da Morte

ROGOS E PREGUNTAS



Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 27 de marzo de 2026.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 27 de marzo de 2026, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Dona Sol Agra Tuñas	BNG
Don José Ramón Amado de La Fuente	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Manuel Caamaño López	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Juan Domingo de Deus Fonticoba	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Dona Izaskun García Gorostizu	PP
Dona Rosa Ana García López	PSOE
Don Juan Carlos García Pose	PP
Dona Cristina García Rey	BNG
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona María del Mar García Vidal	PSOE
Dona Natividad de Jesús González Rodríguez	BNG
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Miguel Lorenzo Torres	PP
Dona Eudoxia María Neira Fernández	PSOE
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don Eduardo Antonio Pereiro Liñares	PP
Dona Diana Piñeiro Fernández	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don Ovidio Rodeiro Tato	PP
Dona Mónica Rodríguez Ordóñez	PSOE
Dona Susana María Sanjurjo Fraga	PP
Don Rubén Suárez Carballo	PP
Dona Yolanda Valiño Pena	PP
Dona Avia Veira González	BNG

Excusado:

Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
------------------------------	------

Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, secretario xeral da Deputación Provincial da Coruña.

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:23 horas, tratáronse os seguintes asuntos:



Sr. Presidente

Moi bo día. Comezamos a sesión ordinaria co primeiro punto da orde do día.

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 2/2026 de 27 de febreiro.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 2/2026 de 27 de febreiro.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de febreiro ata o 22 de marzo de 2026.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 23 de febreiro ata o 22 de marzo de 2026.

3.- Proposición da Presidencia ao Pleno do 27 de marzo de 2026 sobre o cambio de data da sesión ordinaria do cuarto mes do ano 2026.

Sr. Secretario

Neste punto, acordan os grupos que, en lugar da proposta do 30, sexa o mércores 29 de abril. Haberá adianto das comisións informativas e axustaremos cos grupos as convocatorias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Tendo en conta que o artigo 46.2 da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), ordena que o Pleno das Deputacións Provinciais celebre sesión ordinaria como mínimo cada mes. Por outra banda, o artigo 35 do Regulamento Orgánico



da Deputación Provincial da Coruña (RODC), concordante co artigo 58 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro (ROF), atribúe ao Pleno a decisión sobre o réxime de sesións da Corporación Provincial.

Tendo en conta que, no mes de abril, a data de celebración do Pleno ordinario correspondente ao cuarto mes do 2026 é o 24 de abril coincidindo coa tramitación dalgúns expedientes, o que aconsella trasladar a sesión ordinaria correspondente ao mes de abril ao 29 de abril de 2026.

Polo tanto, como excepción singular do réxime ordinario establecido en sesión do 27 de xullo de 2023

PROPOÑO, AO PLENO, a adopción do seguinte acordo:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao cuarto mes do ano 2026 celebrarase o día 29 de abril, mércores, a partir das doce horas".

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Club Universitario de Ferrol para o cofinanciamento dos gastos de participación do ano 2025 do equipo de baloncesto feminino nas eliminatorias da competición internacional EuroCup Women 2024-25.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Levantar o reparo emitido pola Intervención da Deputación da Coruña no seu informe con data 11 de marzo de 2026 conforme o artigo 217 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo.

Segundo.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión dunha subvención nominativa, por existir razóns suficientes de interese público, social, económico ou humanitario. Estes principios atópanse recollido nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Terceiro.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 30,000,00€, ao Club Universitario Ferrol, para cofinanciar os gastos de participación do ano 2025 do equipo de baloncesto feminino nas eliminatorias da competición internacional EuroCup Women 2024-25, cun orzamento subvencionado de 73.550,01€, de acordo co texto do convenio que se achega.



Cuarto.- Imputar o gasto á aplicación orzamentaria 0612/3411/481 do vixente orzamento xeral.

Quinto.- Aprobar o texto do convenio que se recolle a continuación.

Sexto.- Publicar a concesión da subvención directa na BDNS e notificar ao interesado.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Club Universitario Ferrol polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar os gastos de participación do ano 2025 do equipo de baloncesto feminino nas eliminatorias da competición internacional EuroCup Women 2024-25.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación do **Club Universitario Ferrol**

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promoven a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte feminino.

Que o **Club Universitario Ferrol** é unha entidade adicada ao fomento e o impulso da práctica continuada da actividade física e deportiva, así como a participación en actividades e competicións deportivas.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e o **Club Universitario Ferrol** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Club Universitario Ferrol** co NIF **G15659261**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para **cofinanciar os gastos de participación do ano 2025 do equipo de baloncesto feminino nas eliminatorias da competición internacional EuroCup Women 2024-25.**



II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Club Universitario Ferrol

O Club Universitario Ferrol desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Concepto	Importe
Aloxamento do equipo BAXI Ferrol (por necesidades loxísticas maiores das que deben ser cubertas polo club rival segundo as bases de competición)	2.256,22€
Transportes: Equipo propio (BAXI Ferrol) Equipos rivais (recollida en aeroportos, desprazamentos)	37.657,89 €
Transportes internos (hotel/pavillón)	5.215,70 €
Transportes colectivo arbitral (viaxe completo)	13.568,01 €
Publicidade e propaganda	7.152,19 €
Dereitos de arbitrase	7.700,00 €
Total	73.550,01 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega por importe máximo de **30.000,00€**, o que representa unha porcentaxe do **40.78857%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **40.78857%** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que o obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.



5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao **Club Universitario Ferrol**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao **Club Universitario Ferrol**, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, o **Club Universitario Ferrol** deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do **Club Universitario Ferrol**.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada ao **Club Universitario Ferrol** unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal do **Club Universitario Ferrol**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos resultados obtidos e acreditación da vinculación dos gastos de transporte e aloxamento e dos gastos de persoal coa actividade subvencionada.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2025.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo



órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2025**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o **Club Universitario Ferrol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de xullo de 2026**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao **Club Universitario Ferrol** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao **Club Universitario Ferrol** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo **Club Universitario Ferrol**.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O **Club Universitario Ferrol** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O **Club Universitario Ferrol** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.



2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, ao **Club Universitario Ferrol** deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao **Club Universitario Ferrol** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o **Club Universitario Ferrol** queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de atraso na realización das actividades ou atraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.



XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do **Club Universitario Ferrol** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Club Universitario Ferrol** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de setembro de 2026** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o **1 de xaneiro de 2025**.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de **2026**, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do **Club Universitario Ferrol**, realizada polo menos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.



3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento”.

5.- Aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) para o financiamento do POS+ Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**1.** Aprobar o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) POS+ Adicional 1/2026 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2026, no marco do establecido na Base 12 das –Bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2026. As ditas bases foron aprobadas mediante acordo plenario do 28 de novembro de 2025, e publicadas no BOP número 231 de 2 de decembro de 2025.

De acordo coas solicitudes presentadas polos 93 concellos da provincia, o importe total da achega provincial aplicada ascende a 7.999.650,16 €.

O detalle da achega provincial por concello recóllese nos seguintes ANEXOS:

- ANEXO I. RESUMO DA ACHEGA PROVINCIAL POR CONCELLO
- ANEXO II. APLICACIÓN A GASTO CORRENTE POR CONCELLO
- ANEXO III. APLICACIÓN A INVESTIMENTO POR CONCELLO

A achega provincial finánciase con cargo ás aplicacións que se indican na seguinte táboa:

Plan	Aplicación orzamentaria	Consignación	Achega
POS+Adicional 1/2025 Gastos sociais extraordinarios	0611/23126/46201	7.780.341,20 €	7.779.991,36 €
	0611/23126/76201	219.658,80 €	219.658,80 €
Total achega provincial			7.999.650,16 €

2. Aprobar a achega provincial para financiar gastos correntes aos 93 concellos da



provincia, de acordo cos importes que figuran no Anexo II a este expediente e dispor o seu pago con carácter de prepagable.

A transferencia aos concellos estará condicionada a que o concello teña xustificado as cantidades transferidas nos exercicios anteriores ou, no seu caso, reintegrado o importe non xustificado. Tamén se poderá compensar o importe a reintegrar, previa autorización por parte do concello, descontándose da cantidade a transferir do POS+Adicional 1/2026.

3. Aprobar a achega provincial para financiar investimentos aos 30 concellos da provincia, de acordo cos importes que figuran no Anexo III a este expediente.

Estas achegas aboaranse no seu día, previa presentación da documentación xustificativa, segundo o establecido na bases 12 das reguladoras do Plan.

4. Dispor a exposición pública mediante a inserción dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia a efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

5. Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais para os efectos previstos no artigo 32 do Real decreto legislativo 781/86, do 18 de abril.

6. Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

7. Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presentasen reclamacións ou alegacións, poderán proseguirse as actuacións.



ANEXO I. RESUMO DAS ACHEGAS POR CONCELLO

Referencia: POS+AD1-G.SOC. SOLIC / 2026

Expediente xeral	Concello	Total concedido	Achega aplicada a gasto corrente	Achega aplicada a investimento tipoloxía i (Equipamento técnico asistencial)	Achega aplicada a investimento tipoloxía j (Equipamento servizos sociais)
2025000049437	ABEGONDO	89.290,91 €	86.290,91 €	- €	3.000,00 €
2025000049438	AMES	182.181,57 €	182.181,57 €	- €	- €
2025000049439	ARANGA	69.719,18 €	66.969,18 €	2.750,00 €	- €
2025000049440	ARES	48.078,95 €	48.078,95 €	- €	- €
2025000049441	ARTEIXO	198.093,56 €	198.093,56 €	- €	- €
2025000049442	ARZÚA	119.713,30 €	119.713,30 €	- €	- €
2025000049430	A BAÑA	77.670,93 €	77.670,93 €	- €	- €
2025000049443	BERGONDO	66.338,55 €	66.338,55 €	- €	- €
2025000049444	BETANZOS	80.775,73 €	80.775,73 €	- €	- €
2025000049445	BOIMORTO	65.155,97 €	65.155,97 €	- €	- €
2025000049446	BOIRO	127.548,75 €	100.389,10 €	17.280,00 €	9.879,65 €
2025000049447	BOQUEIXÓN	72.038,33 €	69.776,84 €	- €	2.261,49 €
2025000049448	BRIÓN	82.169,64 €	82.169,64 €	- €	- €
2025000049449	CABANA DE BERGANTIÑOS	76.220,66 €	76.220,66 €	- €	- €
2025000049450	CABANAS	46.872,86 €	46.872,86 €	- €	- €
2025000049451	CAMARIÑAS	56.670,86 €	56.670,86 €	- €	- €
2025000049452	CAMBRE	138.584,63 €	138.584,63 €	- €	- €
2025000049431	A CAPELA	41.602,35 €	41.602,35 €	- €	- €
2025000049453	CARBALLO	224.205,70 €	224.205,70 €	- €	- €
2025000049455	CARNOTA	58.951,56 €	58.951,56 €	- €	- €
2025000049456	CARRAL	66.327,18 €	66.327,18 €	- €	- €
2025000049457	CEDEIRA	77.633,41 €	77.633,41 €	- €	- €
2025000049458	CEE	71.135,54 €	71.135,54 €	- €	- €
2025000049459	CERCEDA	81.414,48 €	81.414,48 €	- €	- €
2025000049460	CERDIDO	37.926,24 €	35.416,24 €	2.510,00 €	- €
2025000049461	COIRÓS	39.864,82 €	39.864,82 €	- €	- €
2025000049462	CORCUBIÓN	23.339,78 €	20.181,20 €	3.158,58 €	- €
2025000049463	CORISTANCO	103.331,83 €	103.331,83 €	- €	- €
2025000049432	A CORUÑA	33.788,92 €	33.788,92 €	- €	- €
2025000049464	CULLEREDO	169.244,29 €	151.316,93 €	- €	17.927,36 €
2025000049465	CURTIS	76.044,76 €	76.044,76 €	- €	- €
2025000049466	DODRO	37.589,28 €	37.589,28 €	- €	- €



2025000049467	DUMBRÍA	78.306,98 €	78.306,98 €	- €	- €
2025000049468	FENE	81.471,68 €	81.471,68 €	- €	- €
2025000049469	FERROL	64.877,84 €	64.877,84 €	- €	- €
2025000049470	FISTERRA	45.141,47 €	43.141,47 €	2.000,00 €	- €
2025000049471	FRADES	63.842,44 €	63.842,44 €	- €	- €
2025000049472	IRIXOA	49.739,03 €	47.093,00 €	2.646,03 €	- €
2025000049473	LAXE	44.930,92 €	44.930,92 €	- €	- €
2025000049433	A LARACHA	118.354,15 €	96.372,54 €	- €	21.981,61 €
2025000049474	LOUSAME	66.509,06 €	66.509,06 €	- €	- €
2025000049475	MALPICA DE BERGANTIÑOS	64.535,63 €	64.535,63 €	- €	- €
2025000049476	MAÑÓN	53.630,21 €	52.430,21 €	- €	1.200,00 €
2025000049477	MAZARICOS	108.785,60 €	108.785,60 €	- €	- €
2025000049478	MELIDE	113.504,49 €	113.504,49 €	- €	- €
2025000049479	MESÍA	74.467,76 €	74.467,76 €	- €	- €
2025000049480	MIÑO	64.139,98 €	58.040,61 €	6.099,37 €	- €
2025000049481	MOECHE	40.433,07 €	40.433,07 €	- €	- €
2025000049482	MONFERO	89.369,07 €	85.004,07 €	4.365,00 €	- €
2025000049483	MUGARDOS	33.357,70 €	23.895,50 €	- €	9.462,20 €
2025000049485	MUXÍA	90.866,40 €	90.866,40 €	- €	- €
2025000049484	MUROS	80.319,09 €	80.319,09 €	- €	- €
2025000049486	NARÓN	198.594,25 €	198.594,25 €	- €	- €
2025000049487	NEDA	44.416,57 €	44.416,57 €	- €	- €
2025000049488	NEGREIRA	101.658,38 €	101.658,38 €	- €	- €
2025000049489	NOIA	86.993,31 €	86.993,31 €	- €	- €
2025000049490	OLEIROS	188.938,32 €	171.961,95 €	- €	16.976,37 €
2025000049491	ORDES	134.899,04 €	134.899,04 €	- €	- €
2025000049492	OROSO	82.711,77 €	82.711,77 €	- €	- €
2025000049493	ORTIGUEIRA	136.604,87 €	100.000,00 €	7.100,00 €	29.504,87 €
2025000049494	OUTES	83.159,48 €	83.159,48 €	- €	- €
2025000049495	PADERNE	47.189,95 €	29.867,21 €	17.322,74 €	- €
2025000049496	PADRÓN	68.922,37 €	64.744,87 €	- €	4.177,50 €
2025000049521	O PINO	93.778,69 €	93.778,69 €	- €	- €
2025000049434	A POBRA DO CARAMIÑAL	64.965,22 €	64.965,22 €	- €	- €
2025000049497	PONTECESO	84.122,83 €	84.122,83 €	- €	- €
2025000049498	PONTEDEUME	63.430,32 €	63.430,32 €	- €	- €
2025000049435	AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	162.792,62 €	162.792,62 €	- €	- €
2025000049499	PORTO DO SON	94.616,90 €	94.616,90 €	- €	- €
2025000049500	RIANXO	82.456,46 €	66.181,34 €	1.887,12 €	14.388,00 €
2025000049501	RIBEIRA	153.627,51 €	153.627,51 €	- €	- €
2025000049502	ROIS	77.183,87 €	68.653,37 €	- €	8.530,50 €
2025000049503	SADA	99.291,11 €	99.291,11 €	- €	- €
2025000049504	SAN SADURNIÑO	66.920,97 €	66.920,97 €	- €	- €



2025000049505	SANTA COMBA	142.016,36 €	139.016,36 €	- €	3.000,00 €
2025000049506	SANTIAGO DE COMPOSTELA	142.922,19 €	142.922,19 €	- €	- €
2025000049507	SANTISO	63.925,04 €	63.925,04 €	- €	- €
2025000049508	SOBRADO	75.592,87 €	75.592,87 €	- €	- €
2025000049436	AS SOMOZAS	53.202,51 €	53.202,51 €	- €	- €
2025000049509	TEO	131.216,47 €	131.216,47 €	- €	- €
2025000049510	TOQUES	57.235,13 €	57.235,13 €	- €	- €
2025000049511	TORDOIA	80.676,66 €	80.676,66 €	- €	- €
2025000049512	TOURO	90.494,44 €	90.494,44 €	- €	- €
2025000049513	TRAZO	73.277,05 €	73.277,05 €	- €	- €
2025000049514	VAL DO DUBRA	79.863,82 €	79.863,82 €	- €	- €
2025000049515	VALDOVIÑO	80.147,92 €	76.447,92 €	2.100,00 €	1.600,00 €
2025000049516	VEDRA	65.880,14 €	65.880,14 €	- €	- €
2025000049517	VILARMAIOR	34.933,11 €	32.585,44 €	680,00 €	1.667,67 €
2025000049518	VILASANTAR	46.340,80 €	46.142,06 €	- €	198,74 €
2025000049519	VIMIANZO	127.167,46 €	127.167,46 €	- €	- €
2025000049520	ZAS	96.695,09 €	96.695,09 €	- €	- €
2025000049454	CARIÑO	49.138,45 €	45.134,45 €	4.004,00 €	- €
2025000049522	OZA-CESURAS	125.542,75 €	125.542,75 €	- €	- €
TOTAL		7.999.650,16 €	7.779.991,36 €	73.902,84 €	145.755,96 €

ANEXO II. APLICACIÓN A GASTO CORRENTE POR CONCELLO

Referencia: POS+AD1-GTO SOCIAL - GASTOS CORRENTES/ 2026

Expediente gasto corrente	Concello	Achega aplicada a gasto corrente
2026000001330	ABEGONDO	86.290,91 €
2025000058226	AMES	182.181,57 €
2026000001369	ARANGA	66.969,18 €
2026000000789	ARES	48.078,95 €
2026000001422	ARTEIXO	198.093,56 €
2026000001168	ARZÚA	119.713,30 €
2026000000919	A BAÑA	77.670,93 €
2025000058206	BERGONDO	66.338,55 €
2025000058059	BETANZOS	80.775,73 €
2025000058222	BOIMORTO	65.155,97 €
2026000001573	BOIRO	100.389,10 €
2026000001537	BOQUEIXÓN	69.776,84 €



2025000057609	BRIÓN	82.169,64 €
2026000001384	CABANA DE BERGANTIÑOS	76.220,66 €
2026000001080	CABANAS	46.872,86 €
2025000058144	CAMARIÑAS	56.670,86 €
2026000001545	CAMBRE	138.584,63 €
2026000001191	A CAPELA	41.602,35 €
2026000001243	CARBALLO	224.205,70 €
2025000057578	CARNOTA	58.951,56 €
2025000057780	CARRAL	66.327,18 €
2026000001499	CEDEIRA	77.633,41 €
2026000001450	CEE	71.135,54 €
2026000000457	CERCEDA	81.414,48 €
2026000000185	CERDIDO	35.416,24 €
2026000000484	COIRÓS	39.864,82 €
2026000000683	CORCUBIÓN	20.181,20 €
2026000001226	CORISTANCO	103.331,83 €
2026000000639	A CORUÑA	33.788,92 €
2026000000668	CULLEREDO	151.316,93 €
2026000001437	CURTIS	76.044,76 €
2026000001388	DODRO	37.589,28 €
2026000001315	DUMBRÍA	78.306,98 €
2026000000887	FENE	81.471,68 €
2025000058103	FERROL	64.877,84 €
2025000058031	FISTERRA	43.141,47 €
2026000000814	FRADES	63.842,44 €
2025000057879	IRIXOA	47.093,00 €
2026000001550	LAXE	44.930,92 €
2026000001508	A LARACHA	96.372,54 €
2026000001038	LOUSAME	66.509,06 €
2026000001337	MALPICA DE BERGANTIÑOS	64.535,63 €
2026000001298	MAÑÓN	52.430,21 €
2026000000654	MAZARICOS	108.785,60 €
2026000001288	MELIDE	113.504,49 €
2026000001165	MESÍA	74.467,76 €
2026000001453	MIÑO	58.040,61 €
2025000058124	MOECHE	40.433,07 €
2026000001469	MONFERO	85.004,07 €
2025000058174	MUGARDOS	23.895,50 €
2025000058076	MUXÍA	90.866,40 €



2025000058016	MUROS	80.319,09 €
2026000001564	NARÓN	198.594,25 €
2025000056910	NEDA	44.416,57 €
2026000001334	NEGREIRA	101.658,38 €
2026000001512	NOIA	86.993,31 €
2026000000082	OLEIROS	171.961,95 €
2026000001574	ORDES	134.899,04 €
2026000001255	OROSO	82.711,77 €
2026000000830	ORTIGUEIRA	100.000,00 €
2026000000430	OUTES	83.159,48 €
2026000000475	PADERNE	29.867,21 €
2026000001554	PADRÓN	64.744,87 €
2025000057737	O PINO	93.778,69 €
2026000001481	A POBRA DO CARAMIÑAL	64.965,22 €
2025000058020	PONTECESO	84.122,83 €
2026000000066	PONTEDEUME	63.430,32 €
2026000001252	AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ	162.792,62 €
2025000058115	PORTO DO SON	94.616,90 €
2026000001247	RIANXO	66.181,34 €
2026000001135	RIBEIRA	153.627,51 €
2026000000803	ROIS	68.653,37 €
2025000058208	SADA	99.291,11 €
2026000001266	SAN SADURNIÑO	66.920,97 €
2026000001533	SANTA COMBA	139.016,36 €
2026000001398	SANTIAGO DE COMPOSTELA	142.922,19 €
2025000058186	SANTISO	63.925,04 €
2026000000630	SOBRADO	75.592,87 €
2026000000500	AS SOMOZAS	53.202,51 €
2025000058211	TEO	131.216,47 €
2025000058102	TOQUES	57.235,13 €
2026000001230	TORDOIA	80.676,66 €
2026000000801	TOURO	90.494,44 €
2026000000064	TRAZO	73.277,05 €
2026000001447	VAL DO DUBRA	79.863,82 €
2026000000462	VALDOVIÑO	76.447,92 €
2025000058249	VEDRA	65.880,14 €
2026000001192	VILARMAIOR	32.585,44 €
2026000000092	VILASANTAR	46.142,06 €



2026000001056	VIMIANZO	127.167,46 €
2026000001308	ZAS	96.695,09 €
2026000001432	CARIÑO	45.134,45 €
2026000001329	OZA-CESURAS	125.542,75 €
TOTAL		7.779.991,36 €



ANEXO III. APLICACIÓN A INVESTIMENTO POR CONCELLO

Referencia: POS+AD1-GTO SOCIAL - GASTOS DE INVESTIMENTO/ 2026

Expediente	Concello	Achega aplicada a investimento	Tipoloxía
2026000001328	ABEGONDO	3.000,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000001371	ARANGA	2.750,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2026000001583	BOIRO	17.280,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2026000001582	BOIRO	9.879,65 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000001586	BOQUEIXÓN	2.261,49 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000000186	CERDIDO	2.510,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2026000000684	CORCUBIÓN	3.158,58 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2026000001164	CULLEREDO	17.927,36 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2025000058032	FISTERRA	2.000,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000057931	IRIXOA	2.646,03 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2026000001514	A LARACHA	21.981,61 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000001299	MAÑÓN	1.200,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000001455	MIÑO	6.099,37 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2026000001467	MONFERO	4.365,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2025000058172	MUGARDOS	9.462,20 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000000153	OLEIROS	16.976,37 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000000832	ORTIGUEIRA	7.100,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2026000000833	ORTIGUEIRA	29.504,87 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000000800	PADERNE	17.322,74 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2026000001569	PADRÓN	4.177,50 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000001248	RIANXO	1.887,12 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial



2026000001331	RIANXO	14.388,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000000815	ROIS	8.530,50 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000001534	SANTA COMBA	3.000,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000000459	VALDOVIÑO	2.100,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2026000000460	VALDOVIÑO	1.600,00 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000001208	VILARMAIOR	680,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
2026000001198	VILARMAIOR	1.667,67 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000000093	VILASANTAR	198,74 €	Tipo j: Equipamento servizos sociais
2026000001433	CARIÑO	4.004,00 €	Tipo i: Equipamento técnico asistencial
TOTAL		219.658,80 €	

6.- Aprobación da rectificación do Inventario da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2025

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Primeiro: Aprobar a rectificación do Inventario da Deputación Provincial da Coruña a 31 de decembro de 2025 que se incorpora como anexo ao presente asunto.

O Inventario completo de Bens e Dereitos da Deputación Provincial da Coruña - coa rectificación acordada- Incorpórase como anexo ao presente expediente e será dilixenciado pola Secretaría Xeral xunto coa certificación do presente acordo.

Do mesmo xeito, forma parte deste Inventario de Bens toda a documentación contida nos aplicativos SUBTEL e GPA que serven de fundamento.

Segundo: Remitir o presente acordo á Administración Xeral do Estado e á Xunta de Galicia, de conformidade co preceptuado no artigo 278 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e nos artigos 17 e 31 a 35 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Terceiro: Publicar o presente acordo no Portal de Transparencia da Deputación Provincial da Coruña para os efectos de dar cumprimento ao disposto no artigo 8.3 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.”



DIPU-Deputación de A Coruña

Fecha Obtención 19/01/2026 9:44
Pág. 1

RELACIÓN DE BIENES Epígrafe

Epi	Nº Bienes	Nº BIEN	DESCRIPCIÓN	Nº OPERACIÓN T. ADQUISICIÓN	F. ALTA	IMPORTE
1	1	30533	REINTEGRO EXPROPIACION DP 2104 F 9	2025000243INVENTARIO, INVESTIGACIÓN O INSPECCION FÍSICA	13/02/2025	0,00
1	2	30535	REINTEGRO EXPROPIACIÓN PREDIO 6	2025000249INVENTARIO, INVESTIGACIÓN O INSPECCION FÍSICA	17/02/2025	0,00
1	3	31549	REVERSION EXPROPIACION DP 1102 F 123	2025001474INVENTARIO, INVESTIGACIÓN O INSPECCION FÍSICA	21/02/2025	0,00
1	4	31551	REVERSION DE EXPROPIACION DP 1102 F 124	2025001477INVENTARIO, INVESTIGACIÓN O INSPECCION FÍSICA	21/02/2025	0,00
1	5	31553	REVERSION DE EXPROPIACION DP 1102 F 159A SUBTEL: 2017000014837	2025001480INVENTARIO, INVESTIGACIÓN O INSPECCION FÍSICA	21/02/2025	0,00
1	6	31555	REVERSION PARCIAL DE EXPROPIACION DP 1102 F 152 SUBTEL: 2017000014827	2025001483INVENTARIO, INVESTIGACIÓN O INSPECCION FÍSICA	19/02/2025	0,00
1	7	31557	REVERSION PARCIAL DP 1102 F 158A SUBTEL: 2017000014834	2025001486INVENTARIO, INVESTIGACIÓN O INSPECCION FÍSICA	19/02/2025	0,00
1	8	31559	REVERSION DE EXPROPIACION DP 1102 F 163 SUBTEL: 2017000014841	2025001491INVENTARIO, INVESTIGACIÓN O INSPECCION FÍSICA	19/02/2025	0,00
1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Alumeado de río Sáramo a Quian e outro”, do Concello de Boqueixón, incluído na primeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/ 2025, co código 2025.2102.0419.0, que non está adxudicado, que foi asinado o 18 de febreiro de 2026 polo enxeñeiro Técnico Industrial Pablo Rojo Losada, que xa redactara o proxecto inicial, sendo o seu orzamento de contrata de 65.539,93 €, o mesmo que o do proxecto inicial e financiado integramente por esta deputación, que supón unha modificación do seu trazado debido a que, por unha banda, constatouse que determinadas actuacións estaban executadas total ou parcialmente en intervencións previas polo que se eliminan para evitar duplicidades; e por outra banda realizase unha ampliación da zona iluminada a partir do aparcamento hacia Quian coa instalación de 6 puntos de luz.



CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA MUNICIPAL	TOTAL
Boqueixón	2025.2102.0419.0	Alumeado de río Sáramo a Quián e outro	65.539,93	0,00	65.539,93

2- Na partida 2026 / 0430 - 1656 - 76201 do vixente orzamento provincial existe crédito suficiente para o financiamento da achega provincial a esta obra.

3.- Notificarlle esta Resolución ao Concello de Boqueixón para os efectos oportunos.”

10.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodadura e formación de cunetas de formigón na rúa da Fraga", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, co código 2025.2000.0227.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Mellora da capa de rodadura e formación de cunetas de formigón na rúa da Fraga”, do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, co código 2025.2000.0227.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o día 30 de maio do 2025 en relación co acordo plenario de 27 de xuño de 2025, polo que se aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 e o seu Plan Complementario no que se inclúe, entre outros, este investimento que aprobouse de forma condicionada á obtención por parte do Concello de Carral das autorizacións sectoriais de Augas de Galicia, e da Subdelegación do Goberno en Galicia (Gasoduto).

Logo de ver a Resolución de Presidencia número 60.166 de 17 de decembro de 2025, pola que se levantan as condicións ás que quedou sometido e se aproba definitivamente este investimento cos seguintes datos.



Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Carral	2025.2000.0227.0	"Mellora da capa de rodadura e formación de cunetas de formigón na rúa da Fraga"	98.840,70	0,00	98.840,70

Logo de presentar o Concello de Carral un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 18 de febreiro de 2026, polo arquitecto técnico Diego Manuel Rivas Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, co mesmo orzamento de contrata, coa finalidade de eliminar algunhas partes da obra que se incluían inicialmente, así como reducir a actuación en certas zonas, para poder incrementar o prezo das partidas restantes, e que o proxecto poida ser adjudicado, xa que a licitación declarouse deserta ao non presentarse ningunha oferta. Supón, polo tanto, un cambio do trazado.

Logo de ver o informe do arquitecto municipal asinado dixitalmente o 24 de febreiro de 2026, no que indica ademais, que todas as autorizacións sectoriais concedidas para o proxecto inicial seguen sendo válidas para este proxecto.

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 2 de marzo de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobado o proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodadura e formación de cunetas de formigón na rúa da Fraga", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025, co código 2025.2000.0227.0, sen variación do seu orzamento de contrata respecto do proxecto inicial, que está sen adjudicar, e que se aprobou polo Concello de Carral mediante decreto da alcaldía de 5 de marzo de 2026, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, contando ademais cun informe de supervisión favorable emitido o día 2 de marzo de 2026, polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación.

Este proxecto modificado redactouse coa finalidade de eliminar algunhas partes da obra que se incluían inicialmente, así como reducir a actuación en certas zonas, para poder incrementar o prezo das partidas restantes, mantendo o mesmo orzamento de contrata, e que o proxecto poida ser adjudicado, xa que a licitación declarouse deserta ao non



presentarse ningunha oferta. Supón, polo tanto, un cambio do trazado previsto inicialmente, sendo os seus datos os seguintes:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Carral	2025.2000.0227.0	"Mellora da capa de rodadura e formación de cunetas de formigón na rúa da Fraga "	98.840,70	0,00	98.840,70

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/1537/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Carral para os efectos oportunos."

11.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodadura da estrada de Montecelo ao lugar da Poza", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, co código 2025.2000.0228.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Mellora da capa de rodadura da estrada de Montecelo ao lugar da Poza", do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025, co código 2025.2000.0228.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación, na sesión ordinaria realizada o día 30 de maio do 2025 en relación co acordo plenario de 27 de xuño de 2025, polo que se aprobou definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2025 e o seu Plan Complementario no que se inclúe, entre outros, o investimento que a continuación se indica:



Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Carral	2025.2000.0228.0	Mellora da capa de rodadura da estrada de Montecelo ao lugar da Poza	56.635,60	0,00	56.635,60

Logo de presentar o Concello de Carral un proxecto técnico modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 18 de febreiro de 2026, polo arquitecto técnico Diego Manuel Rivas Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, co mesmo orzamento de contrata, coa finalidade de eliminar algunhas partes da obra que se incluían inicialmente, así como reducir a actuación en certas zonas, para poder incrementar o prezo das partidas restantes, e que o proxecto poida ser adxudicado, xa que a licitación declarouse deserta por decreto da alcaldía ao non presentarse ningunha oferta. Supón, polo tanto, un cambio do trazado.

Logo de ver o informe do arquitecto municipal asinado dixitalmente o 24 de febreiro de 2026, no que indica ademais, que todas as autorizacións sectoriais concedidas para o proxecto inicial seguen sendo válidas para este proxecto.

Tendo en conta que consta no expediente un informe de supervisión favorable emitido o 26 de febreiro de 2026 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación con respecto deste proxecto modificado

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025 aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 29 de novembro de 2024, en relación co acordo plenario do 31 de xaneiro do 2025, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 233 do 3 de decembro de 2024, que tiveron unha modificación aprobada mediante acordo plenario do 3 de outubro de 2025, en relación coa Resolución de Presidencia número 51389 de 3 de novembro de 2025, coa finalidade de engadir a base 15 para regular o POS+Adicional 4/2025, cuxo texto íntegro foi publicado no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 192 do 8 de outubro de 2025

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña **ACORDA:**

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Mellora da capa de rodadura da estrada de Montecelo ao lugar da Poza”, do Concello de Carral, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2025, co código 2025.2000.0228.0, sen variación do seu orzamento de contrata respecto do proxecto inicial, que está sen adxudicar e que se aprobou polo Concello de Carral mediante decreto da alcaldía o 5 de marzo de 2026, previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables, contando ademais cun informe de supervisión favorable emitido o día 27 de febreiro de 2026, polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación.



Este proxecto modificado redactouse coa finalidade de eliminar algunhas partes da obra que se incluían inicialmente, así como reducir a actuación en certas zonas, para poder incrementar o prezo das partidas restantes, mantendo o mesmo orzamento de contrata, e que o proxecto poida ser adxudicado, xa que a licitación declarouse deserta ao non presentarse ningunha oferta. Supón, polo tanto, un cambio do trazado do previsto inicialmente, sendo os seus datos os seguintes:

Concello	Código	Denominación	Financiamento		
			Deputación	Concello	Orzamento Total
Carral	2025.2000.0228.0	Mellora da capa de rodadura da estrada de Montecelo ao lugar da Poza	56.635,60	0,00	56.635,60

2.- A achega provincial a este investimento farase efectiva con cargo á partida orzamentaria 0430/1537/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Carral para os efectos oportunos.”

12.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Renovación de pavimentos nas Rúas Río Miño, Río Sor e Sanchola", do Concello de Cariño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2000.0251.0.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado “Renovación de pavimentos nas Rúas Río Miño, Río Sor e Sanchola”, do Concello de Cariño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023, co código 2023.2000.0251.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta deputación na sesión ordinaria realizada o 26 de maio de 2023 que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2023 e o seu Plan Complementario, en cuxo apartado 2 se inclúe, entre outros, este investimento do Concello de Cariño condicionado á obtención da autorización da Dirección Xeral de



Patrimonio cultural da Xunta de Galicia, de acordo cos datos que se reflicten na seguinte táboa:

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	DEPUTACIÓN	CONCELLO	TOTAL	CONDICIÓN
Cariño	2023.2000.0251.0	Renovación de pavimentos nas Rúas Río Miño, Río Sor e Sanchola	70.947,09	0,00	70.947,09	- Autorización Patrimonio cultural – Xunta

Logo de ver que mediante Resolución número 2023/24200 de data 16 de xuño de 2023 deuse por cumprida a condición a que foi sometida esta obra, aprobándose definitivamente e estando a día de hoxe pendente da súa adxudicación e execución

Logo de presentar este concello un proxecto modificado, asinado dixitalmente o día 18 de setembro de 2025 polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Igor Vergara Otero, que xa redactara o proxecto inicial, cun orzamento de contrata de 92.436,50 € o que supón un incremento de 21.489,41 € con respecto ao do proxecto inicialmente aprobado, redactado para realizar unha actualización dos prezos de materiais, maquinaria e man de obra para axustalos á situación actual do sector da construción, tras ter quedado deserto o proceso de licitación da obra.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Reguladoras do POS+2023, aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 228 do 1 de decembro de 2022.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobar o proxecto modificado do investimento denominado “Renovación de pavimentos nas Rúas Río Miño, Río Sor e Sanchola”, do Concello de Cariño, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2023, co código 2023.2000.0251.0, cun orzamento de contrata de 92.436,50 €, que foi aprobado polo órgano competente do concello e que conta co informe de supervisión favorable emitido o 28 de novembro de 2025 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación e cos correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables. Este proxecto modificado implica un incremento do orzamento total de contrata do investimento respecto do proxecto inicial por importe de 21.489,41 €, redactado para realizar unha actualización dos prezos de materiais, maquinaria e man de obra para axustalos á situación actual do sector da construción, tras ter quedado deserto o proceso de licitación da obra, asumindo o incremento integramente o Concello de Cariño, tal e como se indica na seguinte táboa:

Proxecto modificado Concello de Cariño “Renovación de pavimentos nas Rúas Río Miño, Río Sor e Sanchola” Código 2023.2000.0251.0	PROXECTO INICIAL	PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
Deputación	70.947,09	70.947,09	0,00
Concello	0,00	21.489,41	21.489,41
Total	70.947,09	92.436,50	21.489,41



3.- A achega provincial a este investimento financiarase con cargo ao crédito consignado na aplicación orzamentaria 0430 - 4592 - 76201 do vixente orzamento provincial. O Concello de Cariño asume integramente o incremento do financiamento do proxecto modificado, segundo consta na certificación asinada dixitalmente o 18 de febreiro de 2025, acreditativa da existencia de crédito adecuado e suficiente para o financiamento da achega municipal a esta obra no orzamento municipal vixente.

4.- Notificarlle este acordo ao Concello de Cariño para os efectos de que poida iniciar a contratación e execución deste investimento.”

13.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a xaneiro de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de xaneiro de 2026.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de xaneiro de 2026.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

14.- Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, correspondente a febreiro de 2026.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a



ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“PRIMEIRO: Dáse conta dos resultados do período medio de pago a provedores, calculado cos criterios do Real decreto 1040/2017, do 22 de decembro, polo que se modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña e do seu ente dependente, Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, do mes de febreiro de 2026.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña e polo Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, no mes de febreiro de 2026.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento.”

15.- Dación de conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2025.

Dáse conta da liquidación do orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña do exercicio 2025.

16.- Dación de conta da remisión da relación de contratos do ano 2025 e determinados expedientes de contratación á Plataforma de Rendición de Contas.

Dáse conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia respecto dos contratos formalizados no exercicio 2025 e os adjudicados como contrato menor.

17.- Dación de conta da remisión da relación de convenios do ano 2025 e determinados expedientes de convenios á Plataforma de Rendición de Contas.

Dáse conta da información remitida polo órgano interventor ao Tribunal de Cuentas e ao Consello de Contas de Galicia respecto dos convenios de cooperación e colaboración formalizados no exercicio 2025.

18.- Dación de conta da remisión das asignacións pagadas aos grupos políticos provinciais no ano 2025 á Plataforma de Rendición de Contas.

Dáse conta da remisión das asignacións pagadas aos grupos políticos provinciais no ano 2025 á Plataforma de Rendición de Contas.

19.- Dación de conta do Informe-resumo de resultados de control interno no Exercicio 2025 ao que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.

Dáse conta do Informe-resumo de resultados de control interno do Exercicio 2025 ao que se refire o artigo 37 do Real decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.



20.- Dación de conta do Plan de control interno do ano 2026.

Dáse conta do Plan de control interno elaborado polo órgano interventor para o ano 2026.

21.- Dación de conta do Plan Orzamentario a medio prazo 2027-2029.

Dáse conta do contido do Plan Orzamentario a medio prazo 2027-2029 de aprobación pola Presidencia.

22.- Dación de conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2025.

Dáse conta da Memoria do Servizo Provincial de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos correspondente ao ano 2025.

23.- Dación de conta da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

Dáse conta á Comisión da Memoria de Recadación e Xestión Tributaria da Deputación da Coruña do 2025 ás entidades públicas usuarias dos servizos tributarios.

24.- Aprobación da revisión da Política de Seguridade da Deputación da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“Aprobar a modificación da política de seguridade da información da Deputación Provincial da Coruña cuxo texto definitivo é o seguinte:

Introdución

Este documento constitúe a Política de Seguridade da Información da Deputación provincial da Coruña, en diante “A Deputación”, en cumprimento do artigo 12 (Política de seguridade e requisitos mínimos de seguridade) do Real Decreto 311/2022 do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade no ámbito da Administración Electrónica e da medida de seguridade org.1 contemplada no Anexo II deste Real Decreto. Neste sentido, o mencionado artigo 12 establece que “Cada administración pública contará cunha política de seguridade formalmente aprobada polo órgano competente”.

A estrutura deste documento segue as pautas establecidas pola guía CCN-STIC-805 (publicada polo Centro Criptolóxico Nacional, ente adscrito ao Centro Nacional de Intelixencia) para a redacción da Política de Seguridade no ámbito do Esquema Nacional de Seguridade.



A Política de Seguridade da Información recolle a postura da Deputación en canto á seguridade da información e establece os criterios xerais que deben rexer a actividade do organismo en canto á seguridade.

O obxectivo da seguridade da información é garantir a calidade da información e a prestación continuada dos servizos, actuando preventivamente, supervisando a actividade diaria e reaccionando con presteza aos incidentes.

Os sistemas de información deben estar protexidos contra ameazas de rápida evolución con potencial para incidir na dispoñibilidade, integridade, confidencialidade, autenticidade, trazabilidade, uso previsto e valor da información e os servizos. Para defenderse destas ameazas, requírese unha estratexia que se adapte aos cambios nas condicións da contorna para garantir a prestación continua dos servizos.

Isto implica que se deben aplicar as medidas de seguridade esixidas polo Esquema Nacional de Seguridade e a Lei Orgánica de Protección de Datos e garantía de dereitos dixitais (en diante LOPD-gdd), así como realizar un seguimento continuo dos niveis de prestación de servizos, seguir e analizar as vulnerabilidades reportadas, e preparar unha resposta efectiva aos incidentes para garantir a continuidade dos servizos prestados.

Así mesmo, as áreas deben estar preparadas para previr, detectar, reaccionar e recuperarse de incidentes, de acordo ao Artigo 8 do ENS.

Misión da Deputación da Coruña

A Deputación da Coruña é unha institución de goberno local que promove o desenvolvemento e o benestar da cidadanía nos municipios que compoñen a provincia da Coruña. Actúa prestando servizos directamente aos cidadáns e sobre todo en cooperación cos concellos. A Deputación ten como misión a asistencia técnica, económica e material aos concellos para que poidan prestar servizos locais de calidade de forma homoxénea en toda a provincia, coordinando servizos e organizando servizos públicos de carácter supramunicipal.

Marco Normativo da Deputación da Coruña

O marco normativo aplicable á seguridade da información da Deputación da Coruña identifícase e mantén no **“Rexistro de Normas que constitúen o Marco Legal e Regulatorio”**, o cal forma parte do sistema documental de seguridade da organización.

Este rexistro mantense actualizado e constitúe a referencia normativa para a aplicación, revisión e mellora continua da presente Política de Seguridade.

Adicionalmente, forman parte do marco normativo as restantes normas aplicables á Administración Electrónica da Deputación da Coruña derivadas das relacionadas anteriormente e publicadas nas sedes electrónicas comprendidas dentro do ámbito de aplicación desta Política.

Principios da Política de Seguridade da Información

Toda a actividade relacionada co uso dos activos de información e o tratamento de datos persoais na Deputación rexeráse polos seguintes principios:

- Alcance estratéxico: A Política de Seguridade da Información contará co compromiso de todos os niveis directivos de modo que a seguridade da información e a protección de datos estean integradas e coordinadas coas decisións estratéxicas da Deputación.



- **Seguridade integral:** A seguridade entenderase como un proceso integral e planificado, constituído por todos os elementos técnicos, humanos, materiais, procedementais e organizativos relacionados cos sistemas de información, evitando as actuacións puntuais ou tratamentos conxunturais.
- **Xestión da seguridade baseada nos riscos:** A análise e a xestión dos riscos serán parte esencial e permanente do proceso de seguridade. Mediante a análise de riscos detéctanse os problemas de seguridade e coa súa correcta xestión perséguese reducilos a un nivel aceptable mediante a selección e implantación de medidas de seguridade.
- **Prevención, detección, resposta e conservación:** A seguridade do sistema debe contemplar as accións relativas aos aspectos de prevención, detección, resposta e conservación, ao obxecto de minimizar as súas vulnerabilidades e lograr que as ameazas sobre o mesmo non se materialicen ou que, no caso de facelo, non afecten gravemente á información que manexa ou os servizos que aguzosa.
- **Existencia de liñas de defensa:** Os sistemas de información dispoñerán dunha estratexia de protección constituída por múltiples capas de seguridade disposta de forma que, cando unha das capas sexa comprometida, permita desenvolver unha reacción adecuada fronte aos incidentes que non puideron evitarse, reducindo a probabilidade de que o sistema sexa comprometido no seu conxunto e minimizar o impacto final sobre o mesmo.
- **Vixilancia continua:** A vixilancia continua permitirá a detección de actividades ou comportamentos anómalos e a súa oportuna resposta.
- **Reevaluación periódica:** A avaliación permanente do estado da seguridade dos activos permitirá medir a súa evolución, detectando vulnerabilidades e identificando deficiencias de configuración. As medidas de seguridade se reevaluarán e actualizarán periodicamente, adecuando a súa eficacia á evolución dos riscos e os sistemas de protección, podendo chegar a unha reconsideración da seguridade, se fose necesario.
- **Diferenciación de responsabilidades:** Nos sistemas de información diferenciaranse o responsable da información, o responsable do servizo, o Responsable de Seguridade e o Responsable do Sistema. A responsabilidade da seguridade dos sistemas de información estará diferenciada da responsabilidade sobre a explotación dos sistemas de información concernidos.
- **Ciclo completo e seguridade por defecto:** Contemplanse os aspectos de seguridade en todas as fases do ciclo de vida dos sistemas de información, garantindo a súa seguridade por defecto. A seguridade debe considerarse como parte da operativa habitual, estando presente e aplicándose desde o deseño inicial dos sistemas de información.



- Autorización para operar: Ningún sistema de información poderá entrar en operación sen que o seu Responsable do Sistema, o Responsable de Seguridade e, no seu caso, o Comité de Seguridade completasen o proceso de verificación de medidas, análises de riscos e aceptación formal do risco residual.
- Proporcionalidade: O establecemento de medidas de protección, detección e recuperación será proporcional, nos seus custos económicos e operativos, aos potenciais riscos e á criticidade e valor da información e dos servizos afectados.
- Responsabilidade proactiva: O responsable do tratamento deberá aplicar as medidas técnicas e organizativas apropiadas a fin de garantir e poder demostrar que o tratamento da información se fai conforme a normativa española e europea na materia.
- Lexitimación no tratamento de datos persoais: Só se tratarán os datos de carácter persoal cando este tratamento estea lexitimado nalgunha das causas previstas no Regulamento (UE) 2016/679.
- Licitud, lealdade e transparencia: Os datos de carácter persoal serán tratados de maneira lícita, leal e transparente en relación co interesado.
- Limitación da finalidade: Os datos persoais deben ser recollidos con fins determinados, explícitos e lexítimos, e non serán tratados posteriormente de maneira incompatible co devandito fin.
- Minimización de datos: Os datos tratados serán adecuados, pertinentes e limitados ao necesario en relación cos fins para os que sexan tratados.
- Integridade e calidade: Garantirase o mantemento da integridade e calidade da información, así como dos procesos de tratamento da mesma, establecéndose os mecanismos para asegurar que os procesos de creación, tratamento, almacenamento e distribución da información contribúen a preservar a súa exactitude e, no seu caso, actualización.
- Limitación do prazo de conservación: Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que solicitáronse e para determinar as posibles responsabilidades que puidesen derivarse do seu tratamento. Os datos poderán conservarse durante períodos máis longos cando sexan tratados exclusivamente con fins de arquivo en interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos consonte o establecido no Regulamento (UE) 2016/679. O tratamento para estes fins realizarase coas medidas técnicas e organizativas adecuadas, respectando particularmente o principio de minimización dos datos persoais, así como, cando sexa posible, o seu anonimización. Nesta



modalidade de tratamento será á súa vez de aplicación o disposto na normativa sobre arquivos e documentación.

- **Confidencialidade:** Quen interveña no tratamento estarán obrigados a gardar o deber de segredo, mesmo despois de finalizar o proceso de tratamento.
- **Profesionalidade:** A seguridade dos sistemas de información estará implantada, atendida, revisada e auditada por persoal cualificado e formado, que participará en todas as fases do ciclo de vida dos sistemas.
- **Prevención, dispoñibilidade e recuperación:** Desenvolveranse plans de acción e liñas de traballo específicas orientadas a previr fraudes, incumprimentos ou incidentes relacionados coa seguridade. Asegurarase o nivel de dispoñibilidade requirido para os activos e recuperación ante calquera continxencia.

Obxectivos de Seguridade da Información

A Política de Seguridade da Información establece como obxectivos xerais garantir un nivel adecuado de protección dos sistemas de información, os servizos e os datos xestionados pola Deputación.

En particular, son obxectivos de seguridade da información:

- 1 Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade, autenticidade e trazabilidade da información tratada pola Deputación.
- 2 Asegurar a continuidade e calidade dos servizos, minimizando o impacto de incidentes de seguridade sobre a prestación dos mesmos.
- 3 Protexer os sistemas de información fronte a ameazas internas e externas, reducindo o nivel de risco a valores aceptables.
- 4 Detectar, xestionar e responder de forma eficaz aos incidentes de seguridade da información.
- 5 Garantir o cumprimento do Esquema Nacional de Seguridade, da normativa de protección de datos persoais e do resto de normativa aplicable.

O grao de cumprimento destes obxectivos será obxecto de seguimento periódico mediante indicadores e métricas, que permitirán avaliar a eficacia das medidas implantadas e apoiar a toma de decisións en materia de seguridade da información.

Requisitos mínimos e Directrices

Adoptaranse as medidas técnicas, organizativas e procedementais necesarias para o cumprimento da normativa legal vixente en materia de seguridade da información. A Política de Seguridade da Información establecerase consonte os principios básicos sinalados e desenvolverase aplicando os seguintes requisitos mínimos e directrices:



- Protección das instalacións: Os activos de información emprazaranse en áreas seguras, protexidas por controis de acceso físico adecuados ao seu nivel de criticidade. Os sistemas e os activos de información situados nas devanditas áreas estarán suficientemente protexidos fronte a ameazas físicas ou ambientais.
- Autorizacións e controis de acceso: O acceso á información estará debidamente controlado e limitado as persoas usuarias, procesos, dispositivos ou outros sistemas de información autorizados, e exclusivamente ás funcións permitidas. A tal fin implementaranse os mecanismos de identificación e autenticación adecuadas para cada activo.
- Xestión de activos de información: Os activos de información inventariaranse e categorizarán. Os soportes de información etiquetaranse de forma que, sen revelar o seu contido, indíquese o nivel de seguridade da información contida de maior cualificación.
- Autorización de sistemas e solucións: Deberase autorizar os sistemas e solucións antes de entrar en operación. Controlarase e limitará os accesos aos sistemas de información. Configurarase e deseñará os sistemas de información de forma que se garanta a seguridade e protección de datos por defecto
- Seguridade ligada ás persoas: Implementaranse os mecanismos necesarios para que calquera persoa que, debidamente autorizada, acceda aos activos de información coñeza as súas responsabilidades e deste xeito redúzase o risco derivado dun uso indebido dos devanditos activos.
- Protección de datos de carácter persoal: Adoptaranse as medidas técnicas e organizativas que corresponda implementar para atender os riscos xerados polo tratamento de acordo ao esixido polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016.
- Rexistro de actividade: A actividade realizada polas persoas usuarias de sistemas de información deberá ser rexistrada o obxecto de verificar e auditar o bo uso da información, sempre con plenas garantías á intimidade e dignidade persoal, e consonte a normativa sobre protección de datos persoais, de función pública ou laboral, e demais disposicións que resulten de aplicación. A monitoraxe deberá realizarse motivando a súa necesidade e aplicando o principio de proporcionalidade, elixindo a medida menos invasiva. Para corrixir ou, no seu caso, esixir responsabilidades, cada usuario que acceda ao sistema de información deberá estar identificado de forma única, de modo que se saiba, en todo momento, quen recibe dereitos de acceso, de que tipo son estes, e quen realizou unha determinada actividade.
- Xestión de incidentes de seguridade: Os procedementos de xestión permitirán identificar, rexistrar e dar unha efectiva e pronta resposta aos incidentes de



seguridade, comunicando os procedentes á Plataforma Nacional de Notificación e Seguimento de Ciberincidentes.

- **Protección das comunicacións:** A información que se transmita a través de redes de comunicacións deberá ser adecuadamente protexida, sen prexuízo das actuacións realizadas con fins de rexistro de actividade.
- **Especificacións de seguridade:** O desenvolvemento e mantemento dos sistemas de información irán acompañados das especificacións de seguridade e dos correspondentes procedementos de control.
- **Adquisición de produtos de seguridade e contratación de servizos de seguridade:** Optarase, de forma proporcionada á categoría do sistema e nivel de seguridade determinados, por aqueles que teñan certificada a funcionalidade de seguridade relacionada co obxecto da súa adquisición.
- **Monitoraxe continua:** desenvolveranse servizos horizontais de seguridade que aumenten a capacidade de vixilancia e detección de ameazas na operación diaria dos sistemas de información e comunicacións da Deputación integrados na Rede Nacional de Centros de Operacións de Ciberseguridad.
- **Prevenición ante outros sistemas de información interconectados:** Protexerase o perímetro de sistemas de información, en particular, se se conecta a redes públicas e reforzaranse as tarefas de prevención, detección e resposta a incidentes de seguridade.
- **Mínimo privilexio:** os sistemas de información deben deseñarse e configurarse outorgando os mínimos privilexios necesarios e a funcionalidade imprescindible para que a organización alcance os seus obxectivos.
- **Xestión da continuidade:** implementaranse os mecanismos apropiados para asegurar a dispoñibilidade dos sistemas de información e manter a continuidade dos seus procesos de negocio, de acordo ás necesidades de nivel de servizo dos seus usuarios.
- **Cumprimento:** Adoptaranse as medidas técnicas, organizativas e procedementais necesarias para o cumprimento da normativa legal vixente en materia de seguridade da información.
- **Avaliación de sistemas de intelixencia artificial:** Os sistemas de información que incorporen capacidades de intelixencia artificial serán avaliados conforme o Regulamento (UE) 2024/1689, garantindo a identificación de riscos asociados e a implementación de medidas de mitigación antes da súa posta en produción.



- Asignación de responsabilidades segundo RACI: A Deputación adoptará a matriz RACI definida pola guía CCN-STIC 801 para clarificar funcións en cada actividade do ENS, garantindo a correcta segregación e ausencia de conflitos de interese.

Política Xeral de Seguridade

O obxecto da presente Política é establecer a postura da Deputación respecto á Seguridade que afecta os procesos relacionados co desempeño das súas funcións e, moi particularmente, cos relacionados coa administración electrónica, tanto desde o punto de vista dos usuarios dos servizos, como desde o punto de vista interno, para a xestión da propia Entidade.

A Deputación utiliza as Tecnoloxías da Información e as Comunicacions para prestar os seus servizos, polo que é consciente de que estes sistemas deben ser administrados con dilixencia, tomando as medidas adecuadas para protexelos fronte a danos accidentais ou deliberados.

Así mesmo, tamén é consciente de que os incidentes de seguridade poden estar provocados desde lugares remotos, a través das conexións a redes de comunicacións das que se dispón e, moi concretamente, a través das conexións á Internet (ciberataques).

O fin da política é contrarrestar as ameazas mencionadas anteriormente cos medios suficientes, dentro das posibilidades orzamentarias. Para este fin, establecerase unha estrutura de seguridade, xunto cos mecanismos apropiados para a súa xestión, e un conxunto de instrumentos de apoio de forma que se garanta:

- O cumprimento dos obxectivos da misión da Deputación e de prestación dos seus servizos.
- O cumprimento da lexislación e normativa aplicables.

Como norma xeral, terase un enfoque de orientación ao risco á hora de deseñar as medidas de seguridade necesarias, poñendo máis foco e esforzo na mitigación do que supoña un maior risco.

As distintas unidades baixo cuxa responsabilidade se atopan os servizos prestados deberán contemplar a seguridade desde o mesmo momento en que se concibe un novo sistema ou servizo, aplicando para estes e para os xa existentes, as medidas de seguridade prescritas polo Esquema Nacional de Seguridade para garantir a dispoñibilidade, confidencialidade, integridade, autenticidade e trazabilidade dos servizos e da información.

Os requisitos de seguridade dos sistemas, as necesidades e requisitos de formación dos usuarios, e as necesidades de financiamento deben ser identificados e incluídos na planificación dos sistemas e nos pregos de prescricións utilizados para a realización de proxectos que involucren ás Tecnoloxías da Información e Comunicacions (TIC).

Articularanse mecanismos de prevención, detección, resposta e conservación con obxecto de minimizar o impacto dos incidentes de seguridade.

En canto á prevención, débese evitar que os servizos e a información resulten afectados por un incidente de seguridade. Para iso, a Deputación implementará as medidas de seguridade establecidas no Anexo II do ENS, así como medidas adicionais que puidesen ser identificadas no proceso de análise de riscos e, en xeral, medidas que disuadan a posibles atacantes e que reduzan a superficie de exposición para minimizar a probabilidade de que as ameazas cheguen a materializarse.



En canto á detección, implementaranse as medidas adecuadas para descubrir a presenza dun incidente na fase máis temperá posible, co obxecto de contelo e minimizar o seu impacto. Sempre que sexa posible, detectaranse de forma automática os incidentes de seguridade, utilizando elementos de monitoraxe dos servizos ou de detección de anomalías. Para os incidentes detectados polos usuarios, xa sexan internos ou externos, estableceranse os pertinentes canles de comunicación de incidentes.

En canto á resposta, poñeranse en marcha mecanismos, asociados aos procedementos de xestión de incidentes e de continuidade das operacións, para a restauración da información e os servizos que puidesen verse afectados por un incidente de seguridade.

En canto á conservación, despregaranse medidas que garantan a conservación da información en soporte electrónico.

Alcance

Esta Política de Seguridade é de aplicación a todos os servizos prestados pola Deputación, así como a todo o persoal, sen excepcións.

Organización da Seguridade

A seguridade na Deputación está soportada sobre as estruturas e roles que se describen a continuación:

- Estrutura de goberno, que é a que se encarga de establecer os requisitos de seguridade asociados aos servizos prestados.
- Estrutura de supervisión, que é a que se encarga de verificar o cumprimento dos requisitos de seguridade e o aliñamento continuo cos obxectivos da organización.
- Estrutura de operación, que se encarga de implantar as medidas de seguridade identificadas.

Estrutura de goberno

Esta estrutura é a encargada de determinar os requisitos de seguridade que serán de aplicación aos servizos prestados pola Deputación e a garantir o cumprimento normativo asociado que lle é de aplicación, en concreto o Real Decreto 311/2022 do 3 de maio polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade.

Descríbense a continuación as funcións e responsabilidades dos roles asociados á especificación.

Responsable da Información

É o responsable último da protección da información, garantindo a súa dispoñibilidade, confidencialidade e integridade.

Ten a potestade de establecer os requisitos de seguridade da información, no sentido de asignarlle á mesma unha valoración que determinará o nivel de protección que requira. O establecemento de requisitos poderá realizarse a proposta do Responsable de Seguridade da Información e contando coa opinión do Responsable do Sistema.

Así mesmo, participará na determinación da categoría do sistema, colaborando na valoración do impacto asociado á información tratada. Valorará a análise de riscos



relativo á información, podendo formular requisitos adicionais cando cumpra, e aceptará formalmente o risco residual que afecte á información baixo a súa responsabilidade, consonte o proceso de autorización para operar.

O Responsable da Información ten, de forma exclusiva, a potestade de modificar no tempo a valoración mencionada anteriormente, se así fose necesario, podendo solicitar un Plan de Mellora da Seguridade cando o risco residual non resulte aceptable.

Este rol poderá recaer nunha ou varias persoas, e mesmo nun órgano colexiado, podendo coincidir co Responsable do Servizo e coordinarse co Delegado de Protección de Datos cando a información tratada inclúa datos persoais.

Responsable do Servizo

Este rol é o responsable de establecer os niveis de seguridade (ou requisitos de seguridade) que requiran os servizos prestados, que determinarán as medidas de protección necesarias, así como a súa intensidade.

O establecemento de requisitos poderá realizarse a proposta do Responsable de Seguridade da Información e contando coa opinión do Responsable do Sistema. Os requisitos do servizo deben ter en conta os requisitos da información que manexen e o impacto que unha interrupción poida ter na súa prestación.

Así mesmo, participará na determinación da categoría do sistema e na análise de riscos, identificando aqueles que afecten á continuidade, dispoñibilidade e calidade do servizo. No marco do proceso de autorización para operar establecido no ENS, aceptará formalmente o risco residual que afecte o servizo baixo a súa responsabilidade, podendo solicitar un Plan de Mellora da Seguridade cando este risco non sexa aceptable ou as medidas propostas resulten insuficientes.

que dicir que a xurisprudencia ten reiteradamente declarado que o acto administrativo de creación do servizo de prevención propio nas administracións públicas ten carácter organizativo e polo tanto encadrado nos que desenvolven as potestades de autoorganización (sentencia do Tribunal Supremo, Sala 4ª, do 24 de abril de 2001, sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, Sala do contencioso-administrativo, del 16 de abril de 2004, sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía-Sevilla, Sala do contencioso-administrativo, del 11 de xullo de 2007, sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía-Granada, Sala do contencioso-administrativo, do 19 de novembro de 2011). En concreto a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, do 16 de abril de 2004, sinala expresamente que en canto á organización dos servizos de prevención de riscos laborais "ya sean propios o ajenos" existe unha marxe para a "libre organización de ellos y así se desprende del propio articulado, en concreto, en el artículo 31 de la Ley 31/1995, del 8 de noviembre, en el que se dispone que para el establecimiento de estos servicios se debe tener en cuenta la propia estructura organizativa y esta posibilidad de consolidar, modificar y completar sus estructuras y configurarlas o concretarlas organizativamente siendo reconocida por la jurisprudencia del TC (STC 57/1990, 293/193 y 5/1995", concluíndo dita sentenza que o establecemento de tales servizos de prevención nas Administracións Públicas se realizarase "de acuerdo con su estructura organizativa, siendo la potestad de autoorganización la que le atribuye la facultad de organizar los servicios de la forma que considere más oportuna para una mayor eficiencia administrativa según se establece de una forma reiterada por la Jurisprudencia". Como xa indicou na resposta as alegacións formuladas pola agora recorrente fronte ó acordo de aprobación inicial de acordo co disposto no artigo 74 do Estatuto Básico do Empregado Público as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través das relacións de postos de traballo, polo que seguiuse o procedemento previsto para tal fin, incluíndo a preceptiva negociación na Mesa xeral correspondente. Finalmente, posto que a adscrición da Sección non afecta a modalidade organizativa da prevención dos riscos non e necesaria a intervención do Comité de seguridade e saúde (artigo 39 da Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais).

En consonancia co exposto, non se aprecia a concorrencia das circunstancias previstas no artigo 117 da Lei 39/2015, nulidade de pleno dereito ou prexuízos de imposible ou difícil reparación, polo que non procede a suspensión da eficacia do acordo.

Por todo iso, ACÓRDASE desestimar o recurso de reposición formulado por R. M. T. J. contra o acordo plenario do 30/01/2026 polo que se aproba definitivamente a Relación de postos de traballo da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026.

Fronte o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, previsto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña ou daquela no que teña o seu domicilio a persoa recorrente, de conformidade co disposto nos artigos 8.1 e 14 da devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza. Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente."

28.- Proposta de desestimación do recurso de reposición interposto por J. A. M. L. co documento nacional de identidade *9536** contra o acordo do pleno**

**RPT-6654235



corporativo de 30/01/2026 polo que se aproba definitivamente a Relación de postos de traballo 2026 (Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 24, do 5 de febreiro de 2026).

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“Visto o expediente 2026000011393, relativo ao recurso interposto por J. A. M. L. co documento nacional de identidade ***9536** contra o acordo do pleno corporativo de 30/01/2026 polo que se aproba definitivamente a Relación de postos de traballo 2026, no que constan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- A Corporación Provincial, na sesión plenaria celebrada o día 21 de novembro de 2025, acordou aprobar inicialmente a Relación de postos de traballo do ano 2026. O anuncio da aprobación inicial foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 225, do 24 de novembro de 2025, abríndose un prazo de información pública de vinte (20) días, a contar desde o seguinte á dita publicación, para que as persoas interesadas puidesen realizar as reclamacións que consideren oportunas.

II.- J. A. M. L., titular do posto de Xefe do servizo de organización, mediante escrito presentado o 14 de decembro, solicita que se exclúa da Relación de postos de traballo a adscrición da Sección de organización da prevención de riscos laborais ó Servizo de recursos humanos, manténdose a adscrición actual ó Servizo de organización.

III.- Por acordo plenario do 30/01/2026 se desestiman as alegacións formuladas por J. A. M. L. contra o acordo de aprobación inicial, aprobándose definitivamente a Relación de postos de traballo do 2026. Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña día 5 de febreiro de 2026 e notificado o interesado o día 23 de febreiro.

IV.- Con data 4 de marzo de 2026 (número de rexistro 202699900024043) J. A. M. L., interpón recurso de reposición contra a aprobación definitiva da Relación de postos de traballo 2026, solicitando que "se anule el Acuerdo impugnado en el extremo relativo a la readscripción de la Sección de Organización de la Prevención de Riesgos Laborales al Servicio de Recursos Humanos", solicitando a suspensión da eficacia do acordo no extremo impugnado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

No acordo plenario do 26 de xaneiro de 2018 polo que se desestiman as alegacións presentadas e se aproba con carácter definitivo o cadro de persoal, relación de postos de traballo e organigrama 2018 se incorpora informe, en virtude do disposto no artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, emitido polo Xefe de Servicio de organización nese momento, J. A. M. L., agora recorrente. Nese informe pode lerse: "4.- Sobre los sistemas



de gestión en prevención de riesgos laborales en las Administraciones Públicas. Interpretación jurisprudencial de la legalidad vigente. La jurisprudencia tiene reiteradamente declarado en interpretación de los preceptos contenidos en la Ley 31/1995 de Prevención de Riesgos Laborales, y de su Reglamento, Real Decreto 39/1997, tanto en lo que se refiere a los sistemas de gestión en prevención de riesgos laborales en las Administraciones Públicas, como en cuanto a lo que se refiere a la organización de los servicios de prevención propios en estas (entre otras muchas, las STS, Sala 4ª, de lo Social, del 24/04/2001, STSJ de Cataluña, Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección 4ª, del 16/04/2004; STSJ de Andalucía-Sevilla, Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección 1ª, del 11/07/2007, y STSJ de Andalucía-Granada, Sala de lo Contencioso-administrativo, Sección 1ª, del 19/11/2007), las administraciones públicas con más de 500 trabajadores tienen que constituir un servicio de prevención propio, siendo el acto administrativo de creación de este de carácter organizativo y por lo tanto encuadrado en los que desarrollan las potestades de auto organización, incidiendo directamente en cuanto a la gestión y organización de la propia prevención de riesgos laborales. La citada STSJ de Andalucía-Granada del 11/07/2007, fija claramente esta doctrina cuando establece que las Administraciones Públicas se regirán por su propia normativa, teniendo que respetar las disposiciones reconocidas como básicas por la Ley de Prevención de Riesgos Laborales y por su Reglamento, sin que sea éste de aplicación excepto en defecto de tal normativa específica. La gestión de la prevención propia en la Diputación de A Coruña, dentro de su propia potestad de auto organización, figura contenida en la relación de puestos de trabajo con la asignación ya referida anteriormente de unos puestos determinados, que precisamente puede ser modificada, mejorada, ampliada mediante los sistemas legales vigentes, o bien mantenida si considera que no procede su modificación. En este sentido y abundando en lo ya manifestado, la también citada STSJ Cataluña, del 16/04/2004, señala expresamente que en cuanto a la organización de los servicios de prevención de riesgos laborales "ya sean propios o ajenos" existe un margen para la "libre organización de ellos y así se desprende del propio articulado, en concreto, en el art. 31 de la Ley 31/1995, del 8 de noviembre, en el que dispone que para el establecimiento de estos servicios se debe tener en cuenta la propia estructura organizativa y esta posibilidad de consolidar, modificar y completar sus estructuras y configurarlas o concretarlas organizativamente siendo reconocida por la jurisprudencia del TC (STC 57/1990, 293/193 y 9/1995", concluyendo dicha sentencia que o establecimiento de tales servicios de prevención nas Administraciones Públicas realizarse "de acuerdo con su estructura organizativa, siendo la potestad de autoorganización la que le atribuye la facultad de organizar los servicios de la forma que considere más oportuna para una mayor eficiencia administrativa según se establece de una forma reiterada por la Jurisprudencia". Nese mesmo informe o Xefe de servizo de organización fai referencia expresa o feito de que a adscrición da unidade de riscos laborais foi variando o longo do tempo, (Secretaría xeral, Servizo de planificación e xestión de recursos humanos, Servizo de organización), sen que tales cambios fosen acompañados das "memoria organizativa específica relativa a la readscripción, alternativas organizativas, evaluación de impacto funcional" as que se refire agora no seu escrito de recurso. Mesmo no acordo plenario do 27 de novembro de 2014, polo que se integra a Sección de organización da prevención de riscos laborais no Servizo de organización, sendo J. A. M. L. a la sazón director da Área de persoal e organización, non se indica mais xustificación que a de que "Considérase necesario na Área de persoal e organización, potenciar o servizo propio de prevención de riscos laborais, mediante a súa completa reorganización e reestruturación, converténdoo dunha simple unidade técnica nunha Sección administrativa, Sección de organización da prevención de riscos laborais, integrada na dita Área no Servizo de organización, a nivel funcional e xerárquico, pola súa incidencia e implicación na propia estrutura organizativa, máis ampla que a simple "prevención" dirixida só aos "recursos



humanos".

Como se di no acordo de aprobación definitiva da relación de postos de traballo, a integración da Sección de organización da prevención de riscos laborais no Servizo de recursos humanos, en canto que cambio organizativo, e de acordo co disposto no artigo 74 do Estatuto Básico do Empregado Público (as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través das relacións de postos de traballo), se tramita a través do procedemento previsto para a aprobación ou modificación da relación de postos de traballo na lexislación aplicable: a proposta elaborada polo unidade xestora foi obxecto de negociación na correspondente Mesa xeral, tanto a Intervención provincial como o Secretario xeral emitiron os seus preceptivos informes, o asunto foi ditaminado pola comisión informativa correspondente e elevada ó Pleno da Corporación para a súa aprobación inicial. As afirmacións contidas no escrito de recurso acerca dun "déficit de instrucción" ou de que non consta a "tramitación de expediente específico" carecen do máis mínimo fundamento, e de feito non se cita precepto legal ou regulamentario que as sustente, polo que se rexeitan.

Como xa se indicou na resposta as alegacións ao acordo de aprobación inicial a proposta de integración da Sección da organización da prevención de riscos laborais no Servizo de recursos humanos busca unha maior coordinación na tramitación de expedientes nos que interveñen ambas unidades, na procura precisamente dunha maior eficacia no actuar administrativo.

Non concorren ningunha das circunstancias previstas no artigo 117 da Lei 39/2015, nulidade de pleno dereito ou prexuízos de imposible o difícil reparación, polo que non procede a suspensión da eficacia do acordo.

Por todo iso, ACÓRDASE desestimar o recurso de reposición formulado por J. A. M. L. contra o acordo plenario do 30/01/2026 polo que se aproba definitivamente a Relación de postos de traballo da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026.

Fronte o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, previsto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, perante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña ou daquela no que teña o seu domicilio a persoa recorrente, de conformidade co disposto nos artigos 8.1 e 14 da devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo público de Xustiza. Todo isto, sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente."

29.- Proposta de desestimación do recurso de reposición interposto por J. P. P. co documento nacional de identidade *8176**, actuando en representación da Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF) contra o acordo do pleno corporativo de 30/01/2026 polo que se aproba definitivamente a Relación de postos de traballo 2026 (Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 24, do 5 de febreiro de 2026).**

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a



Abstéñense: 14 deputados/as (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, cos votos a favor do PSOE, BNG e Alternativa dos Veciños e a abstención do PP, acorda:

“Visto o expediente 2026000011465, relativo ao recurso interposto por Jacinto Pampín Pampín co documento nacional de identidade ***8176** actuando en representación da Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF) contra o acordo do pleno corporativo de 30/01/2026 polo que se aproba definitivamente a Relación de postos de traballo 2026, no que constan os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO.

I.- A Corporación Provincial, na sesión plenaria celebrada o día 21 de novembro de 2025, acordou aprobar inicialmente a Relación de postos de traballo do ano 2026. O anuncio da aprobación inicial foi obxecto de publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 225, do 24 de novembro de 2025, abríndose un prazo de información pública de vinte (20) días, a contar desde o seguinte á dita publicación, para que as persoas interesadas puidesen realizar as reclamacións que consideren oportunas.

II.- Jacinto Pampín Pampín, quen intervéen como representante sindical da Sección do CSIF da Deputación Provincial, solicita mediante escrito do 14 de decembro que non se aprobe definitivamente a Relación de postos de traballo 2026.

III.- Por Acordo plenario do 30/01/2026 se desestiman as alegacións formuladas por Jacinto Pampín Pampín contra o acordo de aprobación inicial, aprobándose definitivamente a Relación de postos de traballo do 2026. Dito acordo foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña día 5 de febreiro de 2026 e notificado o interesado o día 19 de febreiro.

IV.- Con data 5 de marzo de 2026 (número de rexistro 202699900024421) Jacinto Pampín Pampín, actuando en representación da CSIF, interpón recurso de reposición contra a aprobación definitiva da Relación de postos de traballo 2026, solicitando que "se declare la anulabilidad del Acuerdo plenario de 30/01/2026 en los extremos relativos a las modificaciones estructurales introducidas en la RPT 2026 que no fueron objeto de negociación material y efectiva, por vulneración del deber de negociación efectiva (art. 37 TREBEP) y por insuficiencia de motivación (art. 35 LPACAP)", solicitando la suspensión da eficacia do acordo impugnado.

FUNDAMENTOS DE DEREITO.

Polo que se refire a "modificación sustantiva introducida tras el informe de 17/11/2025" constitúe unha afirmación que non se corresponde coa realidade. Debe indicarse que o informe do 17 de novembro de 2025 emitido polo Servizo de recursos humanos se limita, en aras a unha maior seguridade xurídica dos afectados pola supresión de postos contida no informe proposta inicial, a propoñer a notificación a cada un dos afectados do acordo adoptado, ademais do trámite de información pública, polo que o contido elevado a aprobación do órgano decisorio non varía con respecto o negociado en Mesa xeral. Trátase de mesmo acordo, ad pedem litterae, engadíndose unicamente a previsión de que o mesmo sexa obxecto de notificación individualizada, ademais do trámite legal de información pública.



A aprobación da Relación de postos de traballo 2026 foi incluída na orde do día da Mesa xeral de negociación convocada ao efecto, achegándose á convocatoria a totalidade da documentación que obraba no expediente. Da acta da dita Mesa resulta que a proposta da Corporación foi obxecto de debate e votación, resultando da negociación un texto con modificacións con respecto á proposta inicial.

En relación ca potestade de autoorganización referida á Sección de organización da prevención de riscos laborais xa que o recorrente a menciona no seu escrito en varias ocasións - hai que dicir que a xurisprudencia ten reiteradamente declarado que o acto administrativo de creación do servizo de prevención propio nas administracións públicas ten carácter organizativo e polo tanto encadrado nos que desenvolven as potestades de autoorganización (sentencia do Tribunal Supremo, Sala 4ª, do 24 de abril de 2001, sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, Sala de lo Contencioso-administrativo, del 16 de abril de 2004, sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía-Sevilla, Sala de lo Contencioso-Administrativo, del 11 de xullo de 2007, sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía-Granada, Sala de lo Contencioso-Administrativo, do 19 de novembro de 2011). En concreto a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña, do 16 de abril de 2004, sinala expresamente que en canto á organización dos servizos de prevención de riscos laborais "ya sean propios o ajenos" existe unha marxe para a "libre organización de ellos y así se desprende del propio articulado, en concreto, en el artículo 31 de la Ley 31/1995, del 8 de noviembre, en el que se dispone que para el establecimiento de estos servicios se debe tener en cuenta la propia estructura organizativa y esta posibilidad de consolidar, modificar y completar sus estructuras y configurarlas o concretarlas organizativamente siendo reconocida por la jurisprudencia del TC (STC 57/1990, 293/193 y 5/1995", concluíndo dita sentenza que o establecemento de tales servizos de prevención nas Administracións Públicas realizarase "de acuerdo con su estructura organizativa, siendo la potestad de autoorganización la que le atribuye la facultad de organizar los servicios de la forma que considere más oportuna para una mayor eficiencia administrativa según se establece de una forma reiterada por la Jurisprudencia". As modificacións operadas na relación de postos de traballo se deben a propostas das diferentes unidades da organización, e o recorrente fai referencia a unha serie de documentos (memoria organizativa global, avaliación do impacto organizativo, valoración de alternativas) sen cita de precepto legal ou regulamentario que esixa a súa emisión.

Non concorren ningunha das circunstancias previstas no artigo 117 da Lei 39/2015, nulidade de pleno dereito ou prexuízos de imposible o difícil reparación, polo que non procede a suspensión da eficacia do acordo.

Por todo iso, ACÓRDASE desestimar o recurso de reposición formulado por Jacinto Pampín Pampín actuando en representación da Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSIF) contra o acordo plenario do 30/01/2026 polo que se aproba definitivamente a Relación de postos de traballo da Deputación Provincial da Coruña do ano 2026.

Fronte o presente acordo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, previsto no artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, contado a partires do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación, perante a Sección do Contencioso-administrativo do Tribunal de Instancia da Coruña ou daquela no que teña o seu domicilio a persoa recorrente, de conformidade co disposto nos artigos 8.1 e 14 da devandita Lei e na disposición adicional primeira da Lei orgánica 1/2025, do 2 de xaneiro, de medidas en materia de eficiencia do Servizo Público de Xustiza. Todo isto, sen prexuízo de que se



poida exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.”

30.- Aprobación definitiva do proxecto da obra mellora da seguridade viaria na estrada DP 3802 (Ordes-Pontecarreira), Punto Quilométrico 14+445 ao 16+825, marxe esquerda (Frades), incluído no Plan de Vías Provinciais

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputado (PP)

ACORDO

O Pleno, por maioría, acorda:

“**1.- APROBAR** definitivamente o proxecto **MELLORA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP 3802 (ORDES-PONTE CARREIRA), PUNTO QUILOMÉTRICO 14+445 AO 16+825, MARXE ESQUERDA (FRADES)** incluído no Plan de Investimento en Vías Provinciais 2023 cun orzamento total de 527.175,85 euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	MUNICIPIO	ORZAMENTO
2023.1110.0010.0	MELLORA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA DP 3802 (ORDES-PONTE CARREIRA), PUNTO QUILOMÉTRICO 14+445 AO 16+825, MARXE ESQUERDA (FRADES)	FRADES	527.175,85 €

2.- EXPOÑER ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de DEZ DÍAS a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerárase definitivamente aprobado.”

31.- Aprobación inicial do proxecto actualización do proxecto de ampliación e senda na DP 7602 Feira de San Sadurniño a Riboira punto quilométrico 0+100 ao 1+600 (San Sadurniño)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“**1.- Aprobar tecnicamente** o Proxecto **DP 7602 FEIRA DE SAN SADURNIÑO A**

**RPT-6654235



RIBOIRA. ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E SENDA DO PQ 0+100 AO 1+600 (SAN SADURNIÑO) Plan de Sendas Peonís 2026 cun orzamento total de **846.892,16 €** con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se **detalla:**

CONCELLO	CÓDIGO	DENOMINACIÓN	PRAZO DE EXECUCIÓN	ORZAMENTO	CLASIFICACIÓN
SAN SADURNIÑO	2026.1170.0002.0	DP 7602 FEIRA DE SAN SADURNIÑO A RIBOIRA. ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E SENDA DO PQ 0+100 AO 1+600 (SAN SADURNIÑO)	6 meses	846.892,16 €	G-4-3.

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da obra DP 7602 FEIRA DE SAN SADURNIÑO A RIBOIRA. ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E SENDA DO PQ 0+100 AO 1+600 (SAN SADURNIÑO)

3.- Expoñer ao público o proxecto DP 7602 FEIRA DE SAN SADURNIÑO A RIBOIRA. ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE AMPLIACIÓN E SENDA DO PQ 0+100 AO 1+600 (SAN SADURNIÑO) mediante anuncio a inserir no boletín oficial da provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producírense, considerarase definitivamente aprobado.”

ACTUACIÓNS DE CONTROL

MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control. Hai dúas mocións, unha presentada polo Grupo Provincial do Partido Socialista de Galicia referente á tramitación da nova Lei de administración local de Galicia.

1.Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE referente á tramitación da nova Lei de administración local de Galicia

O pasado 2 de febreiro de 2026, o Goberno da Xunta de Galicia acordou someter a información pública o Anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia. Inicialmente, fixouse un prazo de exposición de tan só 15 días. Tras a lóxica presión da FEGAMP ante a imposibilidade material de estudar o texto, a Xunta aceptou unha prórroga de 7 días adicionais.

De xeito evidente, dispoñer de pouco máis de tres semanas para analizar, debater e alegar sobre unha norma que pretende articular o funcionamento de toda a arquitectura institucional de Galicia é manifestamente insuficiente. Non é un trámite calquera; é a norma de cabeceira para os nosos Concellos e esta propia Deputación.

A falta de formas foi a tónica xeral: a única comunicación recibida polos concellos foi un correo da FEGAMP. Non existiu unha comunicación oficial directa por parte da Consellería competente cara ás entidades locais, tratándoas como administracións de



segunda clase e non como suxeitos dotados dunha autonomía local constitucionalmente recoñecida.

Neste sentido, lembramos que a Constitución Española blinda esta autonomía nos seus artigos:

- Artigo 137: Establece que municipios e provincias gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.
- Artigo 140: Garante a autonomía plena e a personalidade xurídica dos municipios.
- Artigo 141: Protexe a figura da provincia como entidade local con personalidade propia.

A pesar deste marco, e de que o Conselleiro, o Sr. Diego Calvo Pouso, presumiu no Parlamento dun texto "participado" en foros académicos, a realidade é que se ignorou aos representantes lexítimos do municipalismo. Preferiuse a teoría académica á práctica administrativa diaria.

Non é comprensible que, tras case 30 anos cunha lei obsoleta, se pretenda despachar a súa reforma con présas que só conducen á inaplicabilidade e falta de prestixio do novo texto. Ademais, a tramitación parlamentaria non pode substituír á participación local previa: a pluralidade partidista e a peculiaridade territorial son moito máis ricas nas nosas entidades locais que no propio Parlamento de Galicia.

Resulta, por último, unha falta de coherencia política flagrante. O Partido Popular denunciou neste mesmo Pleno a brevidade dos prazos na reforma do Regulamento de Costas do Estado. Con todo, cando teñen a competencia, aplican esa mesma política de "feitos consumados" que tanto critican fóra de Galicia.

Por todo o exposto, o grupos provincial do PSdeG-PSOE propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

PRIMEIRO. Instar á Xunta de Galicia a que se retrotraiga o procedemento de elaboración do Anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia ao momento previo á súa aprobación polo Consello da Xuntade Galicia.

SEGUNDO. Esixir a apertura dun período real e efectivo de consultas e diálogo cos Concellos e as Deputacións Provinciais, con prazos acordados á magnitude da norma, respectando a súa autonomía constitucional e garantindo que o texto final responda ás necesidades reais do municipalismo galego.

Sr. Fernández Piñeiro

Bo día a todos e a todas. Vou dar lectura da moción.

O pasado 2 de febreiro de 2026, o Goberno da Xunta de Galicia acordou someter a información pública o anteproxecto da Lei de administración local de Galicia. Inicialmente, fixouse un prazo de exposición de tan só 15 días. Tras a lóxica presión da



Fegamp ante a imposibilidade material de estudar o texto, a Xunta aceptou unha prórroga de sete días adicionais.

De xeito evidente, dispoñer de pouco máis de tres semanas para analizar, debater e alegar sobre unha norma que pretende articular o funcionamento de toda a arquitectura institucional de Galicia é manifestamente insuficiente. Non é un trámite calquera, é a norma de cabeceira para os nosos concellos e esta propia Deputación. A falta de formas foi a tónica xeral; a única comunicación recibida polos concellos foi un correo á Fegamp. Non existiu unha comunicación oficial directa por parte da Consellería competente cara ás entidades locais, tratándoas como administracións de segunda clase e non como suxeitos dotados dunha autonomía local constitucionalmente recoñecida.

Neste sentido, lembramos que a Constitución española blinda esta autonomía nos seus artigos 137, que establece que os municipios e provincias gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses; artigo 140, que garante a autonomía plena e a personalidade xurídica dos municipios e artigo 141, que protexe a figura da provincia como entidade local con personalidade propia.

A pesar deste marco e de que o conselleiro, o señor Diego Calvo Pouso, presumiu no Parlamento dun texto participado en foros académicos, a realidade é que se ignorou os representantes lexítimos do municipalismo, preferiuse a teoría académica á práctica administrativa diaria.

Non é comprensible que, tras case 30 anos cunha lei obsoleta, se pretenda despachar a súa reforma con présas que só conducen á inaplicabilidade e falta do prestixio do novo texto. Ademais, a tramitación parlamentaria non pode substituír a participación local previa; a pluralidade partidista e a peculiaridade territorial son moito máis ricas nas nosas entidades locais que no propio Parlamento de Galicia. Resulta, por último, unha falta de coherencia política flagrante: o Partido Popular denunciou neste mesmo Pleno a brevidade dos prazos na reforma do Regulamento de costas do Estado. Con todo, cando teñen a competencia, aplican esa mesma política de feitos consumados que tanto criticaron fóra de Galicia.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial do PSdG-PSOE propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro, instar a Xunta de Galicia a que se retraia o procedemento de elaboración do anteproxecto da Lei de administración local de Galicia ao momento previo á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia.

Segundo, exixir a apertura dun período real e efectivo de consultas e diálogo cos concellos e as deputacións provinciais, con prazos acordes á magnitude da norma, respectando a súa autonomía constitucional e garantindo que o texto final responda ás necesidades reais do municipalismo galego.

Polo tanto, hoxe, con esta moción, o que estamos a facer é defender a dignidade do municipalismo e exixir o respecto que merecen as administracións locais de igual a igual coas outras administracións do conxunto do Estado, ante unha lei que entendemos que é un atentado contra a autonomía local e que, como as desgrazas nunca veñen soas, vén aderezada ademais dunha falta de respecto institucional e da mínima lealdade institucional que debe de haber entre as distintas administracións, tratando os concellos cunha actitude de superioridade por parte doutra Administración pública, cando iso non



debe de rexer na relación que podemos manter entre administracións.

Non é de recibo que unha norma que afecta aos concellos deixe fóra os concellos da súa redacción, que nin sequera se lles escoite. Polo tanto, partindo do espírito da moción que o Partido Popular traía no último Pleno, onde exixía ao Goberno do Estado cos mesmos argumentos que ese regulamento da Lei de costas se consensuase, xa non só coas autonomías, que son as que teñen a día de hoxe esas competencias conferidas, senón cos propios sectores afectados por esta, pois partindo dese espírito e esperando que o Partido Popular actúe coa mesma altura de miras que actuamos os que estamos deste lado e que hoxe propoñemos esta moción, que votamos a favor da súa, pois respalden esta proposta, sobre todo tendo en conta algo que é moi importante: todos e todas os que estamos aquí o estamos por ser concelleiros. Polo tanto, sería importante que, aínda que só por unha vez, fagamos gala diso, defendendo o municipalismo por enriba de calquera outra cuestión, moito máis cuestións de carácter partidista, electoralista ou electoral. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Veira González

Ben, pois moitas grazas, señor presidente.

Desde logo, desde o BNG non aceptamos este anteproxecto de Lei de administración local de Galiza, entre outras cousas polo seu nacemento, pola súa orixe e as maneiras do Partido Popular que, por outra parte, tampouco nos sorprenden. É unha imposición e é, desde logo, un atentado contra a autonomía local.

En primeiro lugar, unha lei que sorprendentemente ignora os concellos ou a realidade dos concellos ou as necesidades dos concellos. Chega elaborada desde a Xunta sen un proceso real de participación coas entidades locais, non foron consultados de maneira efectiva e o resultado é unha lei pensada desde San Caetano, simplemente para controlar os municipios e non, desde logo, para reforzalos e mellorar as condicións de vida da xente que neles vive. Isto non é cogobernanza, senón que é unha especie, pois non sei, de tutela ou algo semellante.

E o segundo problema é o problema do financiamento, porque aquí temos posto enriba da mesa en numerosas ocasións cales son os problemas reais dos concellos e practicamente todos os problemas dos concellos xorden do problema de financiamento, e de nada serve reformar as competencias, de nada serve dar máis competencias ou o que sexa, se non vai acompañado de recursos. Os concellos galegos, especialmente os máis pequenos, os máis rurais, levan anos asfixiados economicamente. Esta é unha cuestión que traemos unha e outra vez a este Pleno e sae unha e outra vez neste Pleno, os alcaldes do Partido Popular pódennos confirmar e, desde logo, esta Deputación ten un compromiso firme con iso. Pero este anteproxecto non resolve o déficit estrutural de financiamento municipal. Atribúe funcións, pero non garante medios para exercelas e o que fai é simplemente deixar ao final a lei en papel mollado. Obrigas que ao final non se poden efectivamente cumprir na práctica.

E despois o que é increíble é que dos maiores retos que ten Galiza hoxe en día no que é a súa planta municipal, que é os concellos que están máis baleirados, que teñen efectivamente menos poboación, tampouco hai ningún tipo de medida, ningún recoñecemento desa singularidade, nin de como efectivamente se pode axudar e corrixir esas deficiencias. Non hai ningún tipo de proposta e tratar igual o que é desigual non é xustiza, ao final é abandono e é afondar exactamente nas mesmas políticas que nos



traen ata agora e ata esta situación a nivel municipal, a nivel de municipalismo. E despois é ao final unha imposición desde arriba, desde a Xunta, a respecto do que son a cooperación intermunicipal, que é a que lle interesa á Xunta de Galiza, pero non é a que ao mellor aos concellos lles convén ou quixera ter e desde a autonomía municipal podería ter.

A verdade é que é un proxecto de lei, como dicimos, que nace mal, nace desde a falta de diálogo do Partido Popular, nace como unha imposición e nace tamén como unha oportunidade perdida. Podería ter sido a lei que dotase os concellos galegos de verdadeira autonomía, de financiamento xusto, de ferramentas efectivamente para afrontar os retos do século XXI; en cambio, pois vai totalmente á contra, segue precarizando as situacións dos concellos e ignora absolutamente as reivindicacións que están a ter os concellos e o municipalismo. E desde o BNG o que queremos é efectivamente que se abra un proceso de negociación real coas entidades locais, que garanta o principio de suficiencia financeira e que se recoñeza, ao final, esa diversidade municipal que hai en Galiza, pero non como un problema, senón como unha realidade e que se corrixan todos os déficits que hai derivados desa pluralidade e que a Xunta de Galiza está claro que non está a atender. Os concellos non son delegacións da Xunta de Galiza, son a institución máis próxima á cidadanía e merecen unha lei que os trate como tal. Moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Yo, por respecto al señor Fernández, que es el proponente de esta moción, portavoz del grupo proponente, me voy a ceñir al debate de esta moción, que es la cuestión de la tramitación de la ley, no el contenido de la ley, que eso será objeto de otro debate, primero parlamentario y después, cuando ustedes quieran, aquí también podemos debatirlo. En consecuencia, me voy a ceñir a lo que la moción pone y voy a intentar dar alguna luz sobre alguna sombra que se intenta dar en esta moción. Y lo primero que yo le quiero decir, señor Fernández, es que esta moción es un claro ejemplo de victimismo sin causa y de victimismo sin remedio, de lo que estamos acostumbrados, pero en realidad su moción es un ejemplo de lo que podríamos calificar como populismo normativo o una combinación de populismo y victimismo.

Yo no le voy a convencer de nada ni a usted ni a sus compañeros de partido, seguramente, al menos quiero que consten en acta algunas refutaciones o desmentidos. En primer lugar, hay que dejar claro que la Xunta de Galicia, en el ejercicio de su legítima iniciativa legislativa, anunció ya hace más de un año, diría casi que dos, que estaba trabajando en una nueva ley de Administración local de Galicia, por lo tanto, no hubo ni nocturnidad ni hubo alevosía. A nadie cogió por sorpresa que la Xunta de Galicia llevaba tiempo trabajando, ultimando un proyecto de ley de Administración local y, por lo tanto, al margen de los mecanismos de participación, consultas previas o información pública que se abran en un momento dado para el conjunto de los ciudadanos, los concellos por sí mismos o a través de la Fegamp han podido trasladar en todo momento a la Consellería las consideraciones o preocupaciones que le parecieran más oportunas en orden a su valoración. No creo que a ningún alcalde o presidente de la Diputación, al que habiendo enviado unas reflexiones o preocupaciones sobre que la nueva ley deba contemplar o dejar de contemplar, le haya llegado una notificación postal procedente de la Xunta en la que se le ha rehusado por el destinatario. Eso saben que no es así.



La Consellería no rehúsa las aportaciones, pero eso es distinto a que la redacción de un anteproyecto se haga a 300 o 400 manos por operatividad; por técnica normativa, hay un ponente, un equipo redactor, un anteproyecto de ley no se redacta asambleariamente. La elaboración del anteproyecto ha sido fruto de un proceso participativo amplio y riguroso que ha incluido diversos estudios y congresos dirigidos a recoger la visión del mundo local gallego y, particularmente, la Fegamp, como ya dije, tuvo la oportunidad constante de participar activamente para exponer los intereses de las entidades que representa, aunque no siempre lo haya estimado oportuno.

Y dice usted, en una frase que le ha quedado muy resultona, que la Xunta, en orden a la elaboración del anteproyecto, ha preferido la teoría académica a la práctica administrativa diaria. No tenga duda de que los resultados realizados por especialistas como los integrantes de la Red Localis han tenido en cuenta la realidad administrativa práctica. Lo que sucede es que, para elaborar un buen anteproyecto de ley, se requiere del concurso de especialistas capaces de manejar con rigor los conceptos jurídicos y la necesaria ordenación sistemática de una norma. Que especialistas universitarios hayan contribuido decisivamente a este anteproyecto no hace de la norma un ejemplo de tecnocracia, toda vez que el proceso es impulsado, controlado y validado por instituciones que conocen la casuística de la realidad local y que legítimamente personifican la voluntad política de los ciudadanos y del conjunto del país, es decir, la Xunta y el Parlamento de Galicia.

Veintiún días es un tiempo mayor que el que se ofrece en otros muchos trámites de audiencia e información pública y constituye, en un primer periodo, una primera instancia para que los alcaldes puedan alegar lo que estimen. Y ello sin olvidar que el anteproyecto de ley ha sido impulsado por la Dirección Xeral de Administración Local, que tiene una interlocución diaria con los alcaldes y que conoce y que comprende sus necesidades.

Pero, en todo caso, las fórmulas de participación que se abren en la fase de anteproyecto no son las únicas. A diferencia de lo que sucede con el Reglamento General de Costas del Estado, en el caso de esta ley autonómica queda una segunda instancia de participación, la más importante, diría yo, desde el punto de vista democrático y hasta operativo, queda la tramitación parlamentaria, una tramitación parlamentaria en la que caben plantear los cambios, ajustes o enmiendas que crean oportunos. Salvo que ustedes, don Bernardo y doña Avia, estimen que los parlamentarios de BNG y PSdeG son incapaces de integrar y de defender con solvencia las enmiendas que en esta segunda fase de participación se pudieran proponer desde sus partidos y trasladar desde algún concello o diputación.

Lo dicho, esta moción es, digamos, una causalidad de la moción que presentamos nosotros del Reglamento de costas, con una diferencia: que lo más importante de esta ley, primero, que es necesaria esta nueva ley adaptarla al marco normativo actual, es fundamental la actualización de esta ley y queda lo más importante, que es el trámite parlamentario en el que ustedes, hombre, muchos diputados no tienen ustedes, pero nueve, si ustedes les ayudan podrán presentar las enmiendas necesarias para mejorar el texto y, señores de BNG, exactamente lo mismo, la diferencia es que el Reglamento de costas no tenía la capacidad de ser mejorado en trámite parlamentario. Nada más y muchas gracias.



Sr. Fernández Piñeiro

Non deixan vostedes nunca de sorprendere a un. Mire que, cando preparei un pouco esta moción, intento poñerme sempre do lado do de en fronte e esperar que é o que me poida comentar, e cales son os argumentos que poida poñer sobre a mesa para defender o seu posicionamento. Agora que o que non me esperaba, de todos os abanicos que tiven sobre a mesa na miña mente, era escoitar a vostede dicirle que “la Xunta ya anunció hace un año y pico o dos que esto se iba a hacer, y los ayuntamientos pudieron mandar un escrito, las diputaciones a la Xunta, que total las iban a escuchar”. Ben, se esa é a visión que ten vostede de como deben funcionar as administracións públicas, pois benvinda sexa. O que pasa é que, claro, un acaba sendo o refén daquilo que di e daquilo que fai, e a min chámame a atención que todos estes argumentos que está vostede dando agora mesmo, que nos acaba de falar de populismo normativo, de que a Xunta xa anunciou que, polo tanto, os concellos poderían ter enviado as súas propostas, que non ían ser rexeitadas, que é un anteproxecto que non se pode facer a trescentas trece mans, choca frontalmente coa moción que presentaban vostedes no Pleno anterior. Porque, claro, abren vostedes dende a Xunta de Galicia un proceso de información previo sen avisar os concellos, dando un prazo moi pequeno de quince días. Polo tanto, o que estamos a criticar é a falta de colaboración e coordinación cos concellos.

Isto que lle acabo de ler agora mesmo é exactamente o que dixo o seu compañeiro de grupo na moción anterior, no minuto 48:44 da súa intervención e no minuto 52:11 da súa intervención. O único que cambiei sabe que foi?, concellos por Xunta de Galicia. Vostedes na moción onde reclamaban ao Estado sobre o Regulamento de costas dixeron que “se abre esa información previa sin avisar a las comunidades autónomas, dando un plazo muy pequeño de quince días. Lo que estamos criticando es la falta de colaboración y coordinación con las comunidades autónomas”. Claro, parece que para unha comunidade autónoma quince días é pouco tempo para un Regulamento de costas, pero para un concello vinte e dous días é máis que suficiente. Unha lei que tivemos que esperar por ela trinta anos, trinta anos, dos cales vinte e dous corresponden a gobernos do seu partido, resulta que os concellos temos que ter vinte e dous días para analizala, concellos que a maioría deles non dispoñen de persoal suficiente, estamos a falar de que algúns deles teñen con sorte dous habilitados, moitos nin sequera teñen dous, que teñen que atender ademais ao seu día a día e que, polo tanto, estudar un documento con centos de artigos que ademais afectan directamente ao marco competencial dos concellos é absolutamente imposible.

Claro, entón vostede xa que fai? Pois poñer a venda antes da ferida e dicir que, ben, oe, vostedes sabendo que xa o ían facer, puideron facer propostas, claro. É dicir, eu fago propostas a algo que descoñezo, cando o lóxico será que aquel que vai redactar ese algo teña en conta todos os sectores. Por iso vostedes utilizaban ese mesmo argumento na súa moción que teño aquí. Dicían: “Ademais, nesta consulta pública previa fixaron o prazo mínimo que establece a lei para presentar achegas, pero que só se contou con quince días para reaccionar ante este atropelo. O Estado publicou o inicio deste proceso na web do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Democrático sen previo aviso ás comunidades autónomas con competencias na xestión e ordenación do litoral, nin aos axentes sociais e económicos afectados. É preocupante esta falta de lealdade institucional, escurantismo e falta de transparencia, e máis se cabe nun asunto que afecta a milleiros de persoas”. E, entre os acordos que propoñían vostedes na moción que presentaban, exixíndolle ao Goberno de Estado todas estas cuestións que acabo de comentar, estaba un que dicía: “Que se convoque a todas as reunións que sexan necesarias cos sectores afectados e particularmente de forma que non se realice



unha regulación fóra da realidade plasmada desde un despacho. Que en todo caso, e tal e como está a defender a Xunta de Galicia, antes de modificar o regulamento, se proceda a reformar a lei de costas, unha vez realizadas todas as xuntanzas precisas cos concellos e os axentes económicos e sociais afectados para adecuar o seu contido á realidade social actual, tanto respecto dos profesionais que realizan as súas actividades en terreos de dominio público marítimo-terrestre como de particulares e asociacións que poidan estar afectadas”.

Resulta que o que vale para que vostedes lle exixan ao Estado, e que nós votamos nun exercicio de responsabilidade, non vale para a Xunta de Galicia. Bueno, pois desgraciadamente hoxe tampouco vou a ver o Partido Popular nesta Deputación defendendo os intereses do municipalismo e non os intereses partidistas do Partido Popular ante o que é un golpe de Estado total e absoluto ao municipalismo.

Xa vostede tamén adiantou un pouco a cuestión e puxo tamén a venda na ferida dicindo que hoxe non viñamos falar da lei, que viñamos a falar da tramitación. Claro, porque falar da lei xa nos interesa menos aínda. Dunha lei que nos confire e blinda, ou que pretende blindar a través dese documento, competencias impropias aos concellos sen achegar recursos para poder desenvolvelas, unha lei que pretende dicirnos ás deputacións como temos que gastar os cartos, pero non os cartos que nos transfire a Xunta de Galicia, senón os cartos propios da Deputación e os cartos que nos transfire o Estado a través da participación nos tributos deste. E a Xunta quere impoñernos como temos que repartilos. Curiosamente, se esquece dunha cuestión, que é da obriga constitucional que ten a Xunta, a través do artigo 142 da Constitución, de permitir ás deputacións participar nos tributos da autonomía. Porque non sei se saben vostedes o que di ese artigo 142, pero voullo ler literalmente, e é: “Las haciendas locales –as deputacións sono, en base ao que establece o artigo 41 que di: ‘La provincia es una entidad local con personalidad jurídica propia’, Por tanto- las haciendas locales deberán disponer de los medios suficientes para el desempeño de las funciones que la ley atribuye a las corporaciones y se nutrirán fundamentalmente de los tributos propios y de la participación en los del Estado y en los de las comunidades autónomas”. Algo que a Xunta de Galicia do Partido Popular, tan constitucionalista el cando lle interesa, leva incumprindo durante anos. E algo que se esquece xustamente cando nos impón a nós o sistema de gasto que temos que ter dos nosos recursos, se esquece precisamente desa parte na que as deputacións temos que participar nos tributos da autonomía.

Non imos falar da fusión de concellos que se pretende facer nesta lei, regular sen consulta previa aos concellos afectados de forma unilateral por parte da Xunta de Galicia. Non imos falar das Xuntas de Goberno ás que se pretende incluír para a orde do día aos grupos da oposición naqueles concellos de máis de 30.000 habitantes ou obrigarnos ás deputacións a prestar asesoría xurídica a todos os concellos da provincia en todas as materias, non só naquelas que teñen que ver co contencioso administrativo.

Iso entendo que a vostede non lle guste falar diso porque ten defensa desde logo moi complexa, por non dicir practicamente imposible, non? Pero chámame a atención que diga vostede que, claro, que non se vai consultar aos concellos porque non imos ter 400 ollos opinando sobre unha lei. Pero, mire vostede, vostedes na súa moción que presentan sobre o Regulamento de costas piden que se reúnan coas comunidades autónomas e cos sectores afectados. Ben, pois mire, en Galicia hai 232 empresas que están afectadas polo regulamento da Lei de costas; outras 100 que están afectadas cun posible peche pola regulación de costas; 7 cámpings con riscos que teñen que ver con informes técnicos; 59 lonxas e outras 100 empresas, máis outras 20. Polo tanto, estamos



a falar de que só en Galicia hai arredor duns 400 afectados polo regulamento que vostedes na súa moción si que propoñían que o Estado se sentase con eles e coas autonomías e debatelos. Estou falando só de Galicia, dun Regulamento de costas que afecta a toda a costa española, polo tanto, empecemos a multiplicar o número de afectados e, polo tanto, hai un regulamento do Estado sobre a Lei de costas que si que pode estar revisado por uns 4.000 ou 5.000 ollos. E ademais non din vostedes de reunirse unha vez, cantas veces sexa necesario.

Non obstante, nunha Lei de administración local que afecta a 313 concellos, aí si que non se nos ten que consultar. É curioso que aí esa Xunta de Galicia tan prolífica nas comunicacións aos alcaldes para que vaíamos a canto saírao hai de presentación, que a metade deles non valen absolutamente para nada, son para bombo e platillo, para iso si nos mandan comunicacións. Despois están as outras que mandan cando nos visitan aos concellos onde non goberna o PP, que chegan os venres ás 3 da tarde para ver se o alcalde ou a alcaldesa non pode estar ao día seguinte o luns alí sabendo que non hai ninguén no concello para poder lela. Pero neste caso non tiveron a ben, tendo en conta que é algo que nos afecta aos concellos, convocarnos.

Ben, pois esa é a contradición ante a que se están vendo vostedes hoxe aquí coa súa intervención sobre este punto concreto.

Dende logo non me esperaba, non vou ser hipócrita, non me esperaba do Partido Popular, tendo en conta os precedentes e a súa traxectoria nesta Deputación, que respaldaran esta moción. Pero nin sequera advertíndolles no último pleno cando votamos a favor da súa moción sobre o Regulamento de costas que iamos traer hoxe esta moción, nin sequera así se poñen vostedes colorados argumentando hoxe onde digo digo, digo Diego porque o que valía no Pleno anterior co Estado resulta que non vale neste Pleno coa Xunta. O que valía en base a como se teñen que relacionar as administracións e ao mínimo respecto institucional que debe haber entre elas, no último Pleno valía e agora resulta que non vale. Bueno, pois de verdade que sinto moito que o Partido Popular faga unha vez máis o ridículo ante unha contradición abraiante como a que estamos vendo no día de hoxe.

E, ben, non sei se a lei é tan boa como din vostedes, cal é o problema para que poidamos ter tempo a analizala dende os concellos. E loxicamente ninguén está negando que se lle consulte aos técnicos e que se consulte a aqueles que coñecen pois desde o punto de vista do marco normativo e que teñen coñecemento sobre a lexislación que afecta ás administracións locais. Pero digo eu que aqueles que a xestionamos no seu día a día tamén poderemos achegar algo. Porque seguramente sabemos máis de como xestionar os servizos de limpeza, os servizos de vías e obras ou doutros moitos que prestan os concellos, xa non imos falar das competencias impropias ou daquelas derivados de competencias impropias que nos impón a Xunta de Galicia, que é moitos técnicos.

Polo tanto, como lo que abunda no dana, entendemos que deberíamos de ser parte fundamental tamén, polo menos á hora de ser chamados para a análise desta lei. Porque ademais di vostede que puidemos facer propostas. Ben, pois non sei por que non lles aplicaron ese mesmo criterio a todos eses técnicos que participaron na lei. Porque a eles se lles convida a participar e o resto temos que facelo nós de *motu proprio* porque xa sabiamos que se ía aprobar unha lei. Ben, pois que quere que lle diga? Seguramente a legalidade ampara a Xunta en darnos eses 15 días e mais outros 7, pero nós entendemos que a legalidade nunca debe ser un teito, senón que debe ser o chan a partir



do cal as administracións deberían de relacionarse entre elas. Polo tanto, ben, pois que quere que lle diga? Que lamentamos unha vez máis non poder contar co Partido Popular neste tema tan importante e que si afecta a esta Deputación. Vostede que acostuma falar moito de que traíamos aquí cousas que afectan ás deputacións e non debates estériles doutras administracións públicas, resulta que hoxe, ben, pois que traemos unha que si afecta a esta Administración e a outras moitas locais na provincia da Coruña, vostedes, pois como dixen, onde digo digo, digo Diego. Nada máis e moitas grazas.

Sra. Veira González

Simplemente que co talante que ten o Partido Popular no Parlamento de Galiza podemos facer unhas emendas maravillosas pero, se non teñen disposición ao diálogo, dificilmente poderemos sacar unha lei que satisfaga a todo o mundo. Nada máis.

Sr. Ben Otero

Bueno, antes de nada, yo tengo muchísimo respeto por mis compañeros de Diputación y compañeros de La Coruña, que tienen un Pleno, y voy a procurar ser muy breve, según me comprometí.

Dos cuestiones. Primera, el reglamento de costas no pasa por tramitación parlamentaria y no se puede enriquecer, ni cambiar, ni enmendar. Es un tema fundamental, cosa que esta ley sí. Y, segunda, yo no tengo problema ninguno en hablar sobre la ley de Administración local, sobre la LALGA. Traigan ustedes una moción y debatimos al respecto del proyecto de la LALGA, sin problema ninguno. Pero es que esta moción habla de la tramitación de la LALGA, no habla de la ley en sí. Yo creo que la Xunta de Galicia está intentando ser pionera en este asunto, actualizar una ley, después de tantos años, que es necesario que sea actualizada.

Hablan ustedes de la financiación local. Oiga, la financiación local es una competencia del ámbito estatal. Por supuesto que tiene que haber una nueva ley de financiación local y una nueva ley de Administración autonómica, no tengan ninguna duda en el conjunto del Estado, eso es fundamental. Lo llevamos pidiendo hace mucho tiempo.

Pero, bueno, en todo caso la Xunta, como el Parlamento deben estar abiertos, como lo han estado y están, al menos en la parte que le toca el PP, a escuchar a los alcaldes y a los concellos. Pero una cosa es escuchar a los alcaldes y a los concellos y otra muy distinta es pretender subvertir los mecanismos democráticos previstos y pretender que la ley se elabore a través de cauces diferentes a los razonablemente previstos. Es decir, trámite parlamentario, propuesta de enmiendas, debate, aprobación definitiva. Oiga, es que esto es así, no es una cosa nueva en esta ley ni en otras. Y, si tanto les entusiasman los mecanismos complementarios de diálogo y consulta previa de la tramitación parlamentaria o plenaria, podemos hacer un estudio de cómo aplican esos mecanismos de diálogo y consulta previa en los concellos en los que gobiernan ustedes. Igual se tienen que comer, señor Fernández, usted y sus compañeros, en este Pleno aquello suyo de consejos vendo, que para mí no tengo. Ah, y con una mayor o menor participación previa al trámite parlamentario, la Xunta someterá su proyecto de ley al Parlamento. Eso es así. ¿Y a ustedes les parece insuficiente? Bueno, pues es lo que hay.

Pero es llamativo que ustedes, señores del Partido Socialista, hablen de esta tramitación cuando el presidente del Gobierno, su líder supremo del partido en toda España, abusa diariamente del decreto ley, lo saca todo por decreto ley, sin trámite



parlamentario, no somete nada al Parlamento de la nación.

Y ya, por último, no sé qué trámite tuvo, no sé qué diálogo tuvo, no sé qué colaboración se ofreció a los grupos de la oposición en la Diputación en la elaboración del Plan estratégico de vías provinciales. Se nos enseñó y dijo ahí lo tenéis, trágalo. Por cierto, Plan estratégico de vías provinciales que nada ha cambiado. Es un memorándum, una declaración de intenciones. Le recomiendo de nuevo que vean la película *Jerry Macguire*, que verán ahí la diferencia entre un memorándum y una declaración de intenciones. Es un papelito muy bonito, con unas muy buenas intenciones, pero que nada ha cambiado la situación de las vías provinciales en la provincia de La Coruña.

Nuestro voto va a ser en contra. Nada más y muchas gracias.

Sr. Fernández Piñeiro

Brevemente. Que fale vostede do Plan estratéxico de estradas e nos diga que non participaron... Cando a Xunta de Galicia teña un Plan estratéxico de estradas, falaremos, consejos vendo que para mi no tengo. Gustaríame saber cales son os criterios que aplica a Xunta cando fai investimentos en estradas. Os criterios seinos, eh, que son de cor política, todos caen onde está o Partido Popular. Pero é curioso que diga vostede que é que o seu presidente, o líder supremo, que fai un abuso do decreto lei... Pero vostede decatouse do que votamos no último Pleno? Vostede vén en automático, claro aí ao final o subconsciente acaba traizoándoo, como vén en modo PP, pois, claro, é incapaz de pararse a pensar en que algúns dos nosos feitos non acompañan o que vostede di, porque nós no último Pleno votamos a favor da súa moción, onde se lle exixían estas cousas a ese líder supremo. Polo tanto, nós si somos coherentes co que votamos e nós non facemos seguidismo das nosas siglas cando entendemos que están errados. Vostede si, vostede si, porque os que están aí sentados e van votar en contra desta moción non defenden o municipalismo, defenden o Partido Popular. E, se iso vai en contra dos intereses dos seus concellos, dálles igual. Esa é a diferenza entre vostedes e nós. Polo tanto, leccións a ese respecto, pois que quere que lle diga? Ningunha.

E vou rematar xa cunha cuestión: a legalidade é o mínimo, a democracia é o máximo. E en democracia, cando as administracións se respectan entre elas, se lles ten en conta e se fala entre elas. E non me camufle vostede este tema, que vai ir ao Parlamento e alí se pode debater, porque hai moitos concellos que non están gobernados por partidos que teñen representación no Parlamento. Aquí hai un, e como este que está aquí, hai outros moitos en Galicia aos que vostedes tamén deixan sen voz porque non van estar no Parlamento para poder debater. E é máis, me aventuro a dicir agora mesmo que me xogo unha cea con vostede a que a Xunta de Galicia, nesa tramitación parlamentaria, non vai aceptar nin unha soa das emendas que propoñan os grupos da oposición. E, se non, cando pase ese Pleno, falaremos. Así que, que quere que lle diga? Sería bo que por unha vez na súa vida fagan vostedes gala daquilo que os ten aquí sentados, que é o feito de representar os concellos desta provincia. Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (9 do PSOE, 6 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 14 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:



“Moción que presenta o Grupo Provincial do PSdeG-PSOE referente á tramitación da nova Lei de administración local de Galicia

O pasado 2 de febreiro de 2026, o Goberno da Xunta de Galicia acordou someter a información pública o Anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia. Inicialmente, fixouse un prazo de exposición de tan só 15 días. Tras a lóxica presión da FEGAMP ante a imposibilidade material de estudar o texto, a Xunta aceptou unha prórroga de 7 días adicionais.

De xeito evidente, dispoñer de pouco máis de tres semanas para analizar, debater e alegar sobre unha norma que pretende articular o funcionamento de toda a arquitectura institucional de Galicia é manifestamente insuficiente. Non é un trámite calquera; é a norma de cabeceira para os nosos Concellos e esta propia Deputación.

A falta de formas foi a tónica xeral: a única comunicación recibida polos concellos foi un correo da FEGAMP. Non existiu unha comunicación oficial directa por parte da Consellería competente cara ás entidades locais, tratándoas como administracións de segunda clase e non como suxeitos dotados dunha autonomía local constitucionalmente recoñecida.

Neste sentido, lembramos que a Constitución Española blinda esta autonomía nos seus artigos:

- Artigo 137: Establece que municipios e provincias gozan de autonomía para a xestión dos seus respectivos intereses.
- Artigo 140: Garante a autonomía plena e a personalidade xurídica dos municipios.
- Artigo 141: Protexe a figura da provincia como entidade local con personalidade propia.

A pesar deste marco, e de que o Conselleiro, o Sr. Diego Calvo Pouso, presumiu no Parlamento dun texto "participado" en foros académicos, a realidade é que se ignorou aos representantes lexítimos do municipalismo. Preferiuse a teoría académica á práctica administrativa diaria.

Non é comprensible que, tras case 30 anos cunha lei obsoleta, se pretenda despachar a súa reforma con présas que só conducen á inaplicabilidade e falta de prestixio do novo texto. Ademais, a tramitación parlamentaria non pode substituír á participación local previa: a pluralidade partidista e a peculiaridade territorial son moito máis ricas nas nosas entidades locais que no propio Parlamento de Galicia.

Resulta, por último, unha falta de coherencia política flagrante. O Partido Popular denunciou neste mesmo Pleno a brevidade dos prazos na reforma do Regulamento de Costas do Estado. Con todo, cando teñen a competencia, aplican esa mesma política de "feitos consumados" que tanto critican fóra de Galicia.

Por todo o exposto, o grupos provincial do PSdeG-PSOE propón ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:



PRIMEIRO. Instar á Xunta de Galicia a que se retrotraiga o procedemento de elaboración do Anteproxecto de Lei de Administración Local de Galicia ao momento previo á súa aprobación polo Consello da Xuntade Galicia.

SEGUNDO. Esixir a apertura dun período real e efectivo de consultas e diálogo cos Concellos e as Deputacións Provinciais, con prazos acordes á magnitude da norma, respectando a súa autonomía constitucional e garantindo que o texto final responda ás necesidades reais do municipalismo galego.”

Sr. Presidente

Seguinte moción, que presentan os grupos provinciais do Partido Socialista de Galicia e BNG para solicitarlle á Xunta de Galicia a dotación dunha ambulancia medicalizada na comarca de Bergantiños e Costa da Morte.

2.Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG para solicitarlle á Xunta de Galicia a dotación dunha ambulancia medicalizada na Comarca de Bergantiños e na Costa da Morte

A comarca de Bergantiños, co concello de Carballo como núcleo central e de maior poboación, aglutina a preto de 70.000 habitantes, dos cales máis de 31.000 residen no municipio de Carballo. Esta realidade demográfica, unida á dispersión poboacional propia do noso territorio, ao volume de actividade industrial e á distancia cos hospitais de referencia situados na Coruña, fai imprescindible contar cuns servizos de emerxencias sanitarias á altura das necesidades da veciñanza desta comarca.

Ademais, os concellos da Costa da Morte levan máis de vinte e cinco anos reclamando a dotación dunha ambulancia medicalizada de soporte vital avanzado (SVA), un recurso esencial para garantir unha atención sanitaria urxente rápida e de calidade nun territorio cunha elevada dispersión poboacional e con importantes distancias aos hospitais de referencia.

Cando falamos de emerxencias sanitarias graves —como infartos, ictus ou traumatismos severos—, o tempo de resposta é o factor crítico que determina a diferenza entre a vida e a morte, ou entre unha recuperación total e o padecemento de secuelas irreversibles. Actualmente, a falta de ambulancias medicalizadas (Unidade de Soporte Vital Avanzado) con base permanente nestas dúas comarcas obriga a depender en moitas ocasións de unidades desprazadas desde outras áreas, o que incrementa os tempos de resposta ata límites inasumibles.

Dúas comarcas desta entidade non poden seguir infradotadas nun servizo tan vital.

Esta non é, nin moito menos, unha reivindicación nova. Tal e como reflicte a hemeroteca, xa no ano 2005 o Partido Socialista facía peticións públicas e institucionais esixindo á administración autonómica a implantación deste servizo fundamental. Tamén dende o BNG se reclamou esta dotación durante moitos anos, demostrando que se trata dunha necesidade obxectiva, compartida e evidente para a maioría da nosa sociedade e dos seus representantes.



Porén, non todas as forzas políticas mantiveron a mesma sensibilidade no pasado. Cómpre lembrar que nos anos 2011 e 2018, os deputados e deputadas do Partido Popular da provincia da Coruña votaron en contra desta posibilidade na cámara autonómica. Malia estes antecedentes, dende os grupos asinantes desta moción agardamos sinceramente que esa tendencia cambie no día de hoxe. A saúde e a vida dos nosos veciños e veciñas deben estar sempre por riba de calquera sigla partidista, e confiamos en que o PP provincial se sume por fin a esta demanda histórica, permitindo que esta corporación faga unha fronte común e unánime.

Dotar aos Concellos de Bergantiños e da Costa da Morte de dúas ambulancias medicalizadas non é un luxo, é unha cuestión de equidade e xustiza sanitaria. A cidadanía destas comarcas teñen que ter os mesmos servizos que a das grandes cidades, e merece contar coas mesmas garantías ante unha emerxencia médica vital.

Por todo o exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia, e de forma específica á Consellería de Sanidade e á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, a dotar de forma urxente e permanente ao Centro de Saúde de Carballo dunha ambulancia medicalizada (Unidade de Soporte Vital Avanzado) que preste servizo as 24 horas do día para cubrir as necesidades de toda a comarca de Bergantiños.
2. Instar á Xunta de Galicia, e de forma específica á Consellería de Sanidade e á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, a dotar de forma urxente e permanente ao Centro de Saúde de Cee dunha ambulancia medicalizada (Unidade de Soporte Vital Avanzado) que preste servizo as 24 horas do día para cubrir as necesidades de todos os Concellos da Costa da Morte.
3. Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro de Sanidade, e a todos os Grupos Parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia..

Sra. Veira González

Si, acabo de pedir intervir primeiro porque teño que ir ao Pleno da Coruña, simplemente por deixar a postura clara, e por que presentamos esta moción.

Tomamos a palabra hoxe para poñer sobre a mesa e para reivindicar unha demanda que non é nova, pero que se fai cada día máis urxente e inescusable: a prestación dunha ambulancia de soporte vital avanzado na comarca de Bergantiños e na Costa da Morte. Falamos dun territorio que abrangue decenas de concellos, con máis de 100.000 habitantes, cunha poboación envellecida, dispersa e afastada dos grandes centros hospitalarios. Un territorio onde, cando alguén sofre un infarto, un ictus ou un accidente grave, o tempo que tarda en chegar un recurso de soporte vital avanzado pode ser –e nalgúns casos xa o foi– a diferenza entre a vida e a morte. Porque iso é o que significa non ter unha unidade de soporte vital avanzado. Que os veciños e veciñas destas comarcas son cidadáns de segunda no que á atención sanitaria de emerxencias se refire.



Mentres noutras zonas da provincia eses recursos están garantidos, aquí dependemos ou dependen de unidades desprazadas desde A Coruña ou Santiago, con tempos de resposta que superan con frecuencia os 30 ou 40 minutos, tempos que a medicina de urxencias considera inaceptábeis.

O BNG non está a pedir un privilexio. A cidadanía non está a pedir un privilexio. Está reclamando igualdade, está reclamando que o dereito á vida e á atención sanitaria de calidade non dependa do código postal de cada persoa. Esta Deputación ten voz, ten capacidade de presión e ten o deber de defender os intereses das súas comarcas diante da Xunta de Galiza. Exixímoslle, polo tanto, que asuma este compromiso, que efectivamente estas comarcas teñan as unidades de soporte vital avanzado permanentes, con persoal cualificado, operativas as 24 horas, os 365 días do ano. Non podemos seguir normalizando que a xente que vive afastada das cidades galegas morra agardando unha ambulancia. Isto non é eficiencia, é abandono. Grazas.

(As Sras. Veira González e Neira Fernández e os Sres. Lage Tuñas, Lorenzo Torres e Amado de la Fuente abandonan o Salón de Plenos).

Sr. Ben Otero

Ben, antes de nada, xa anuncio o noso voto, que vai ser un voto de abstención, porque a moción, cando a vemos por diante e a lemos, pois dá a sensación de que tiña que ser votada a favor de todos nós, non? Pero a min, para estas cousas, gústame ter un mínimo de información e datos, e soliciteinos a quen os ten. E entón os datos que nos dan son os seguintes. Obviamente, en contra non imos votar, porque todos queremos as melloras para todas, non só para estas comarcas, para todas. En todo caso, a recomendación ou a solicitude que se fai aquí podería parecer xusta. A cuestión que entra aquí é a seguinte porque esta moción presenta unha disxuntiva falsa, ou se dota de dúas ambulancias medicalizadas novas a estas comarcas, ou semella que Bergantiños e Costa da Morte quedan desprotexidas, e iso, segundo nos din, non é certo, o sistema de transporte de urxencias non funciona cun único recurso illado, senón cunha rede coordinada que é graduada e mobilizable segundo a gravidade.

No caso desta zona, xa hai numerosos dispositivos. Os que nos din que hai son os seguintes: hai ambulancia de soporte vital básico en Carballo, Ponteceso, Vimianzo, Cerceda, Cee e Mazaricos. Hai apoio de dúas ambulancias de soporte vital avanzado medicalizadas con base na Coruña. Tamén hai unha ambulancia de servizo vital avanzado de enfermería. E hai dous helicópteros que funcionan medicalizados con base en Santiago e en Ourense. Saben que no seu momento se pretendeu poñer unha na zona de Cee e que as propias inclemencias meteorolóxicas na zona de Cee impedían a operatividade do helicóptero nesta zona. Por iso que hai cuestións que convén moitas veces coñecer, ou polo menos preguntar ou que nos informen delas. Ademais, a resposta complementase coa medicalización puntual por parte dos profesionais de atención primaria e dos PAC.

Polo tanto, aquí non estamos ante unha ausencia de cobertura. Nada máis lonxe da realidade. A atención ante as urxencias non é unha base concreta, senón que vai máis alá. Trátase da capacidade real do sistema para responder, cunha estrutura coordinada, planificada e desenvolvida para dar a mellor atención ao conxunto do territorio.

En canto imos aos datos, a moción fraquea nalgún punto, aínda que a petición poida parecer razoable. En Carballo, durante o ano 2025, rexistráronse 9.374 chamadas



ao 061. O 74 % delas resolveuse sen necesidade de mobilizar recursos, houbo 2.437 servizos con mobilización. Só 39 traslados en servizo de vixilancia avanzada ao hospital, en todo o ano, 34 activacións de ambulancia medicalizada para transferencia en ruta, 416 intervencións con participación de médico de atención primaria e 236 traslados hospitalarios medicalizados por profesionais de atención primaria. Ese é o punto clave que hai que remarcar. Unha cousa é que unha ambulancia medicalizada sexa un recurso útil, que o é, non cabe dúbida, e outra moi distinta é afirmar que fan falta dúas novas bases permanentes sen acreditar volume, saturación nin insuficiencia estrutural da rede actual.

Neste caso, os grupos propoñentes, a oposición substitúe a análise pola impresión. É verdade que a impresión, a primeira lectura da moción, dá a impresión de dicir: “Oe, pois vamos a votar a favor”, non? Pero por iso digo, hai que preguntar. E neste caso pensamos que a planificación é clara. E, desde logo, o que nos din é que a Xunta de Galicia, a través do 061, revisa de maneira continua a organización dos recursos, atendendo á evolución demográfica, á demanda asistencial, aos tempos de resposta, ás distancias e á actividade real, e sempre tendo en conta a mellor resposta ao conxunto do territorio, co fin de atender coa maior axilidade as posibles emerxencias que se poidan producir.

Desde logo, nós ímonos abster e esperamos que, se algún día queda clara e acreditada a necesidade destas dúas ambulancias, que se dean, faltaría máis, pero o que din os técnicos e os especialistas é que a cobertura é unha cobertura suficiente. Se ben os recursos nunca... son finitos e as posibilidades son as que son. Pero, desde logo, o noso voto é unha abstención facilitadora para que a moción se poida aprobar. Nada máis e grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Gustaríame saber quen son os técnicos que din que non fai falta esa ambulancia medicalizada na Costa da Morte, non mo creo, honestamente, non mo creo. Non entendo por que se entón é así, por que hai un noutros puntos, por que hai outras bisbarras da provincia que si teñen esa ambulancia medicalizada. Infartan menos, teñen menos ictus que os da Costa da Morte, ou máis?

É unha cuestión de decisión política. Hai ambulancias de soporte vital avanzado, son 12 bases fixas: na Coruña, dúas: Ferrol, Santiago; Lugo; Foz; Monforte de Lemos; Ourense; Pontevedra; Vilagarcía; O Salnés; Vigo; e Mos. Está prevista a incorporación dunha nova zona no Barbanza para 2026. Ambulancias de soporte vital avanzado de enfermería, contan cunha enfermeira e un técnico, pero sen médico, conectados por telemedicina coa central. Seis bases: A Coruña, Santiago, Pontevedra, Vigo, Lalín e Moaña. Ambulancias de soporte vital básico, son as máis numerosas, contan só con dous técnicos de emerxencias e un desfibrilador. Están repartidas por toda Galicia, en máis de 90 bases. Despois temos os helicópteros medicalizados e as ambulancias convencionais que están en Pedrafita, en Folgoso do Courel e na Veiga.

Dicir a estas alturas que, ben, que efectivamente abstéñense vostedes, iso é moito mellor que votar en contra, iso non o dubido nin o critico, que é unha abstención facilitadora porque, ben, se nalgún momento se fai constar que efectivamente fan falta, votarán a favor. Non sei que necesitan vostedes para saber que fan falta, porque se non gustaríame saber cal é o criterio para que outras bisbarras si as teñan e a Costa da Morte non.



Se vostede ten a mala sorte de que lle dá un infarto estando, pois, por exemplo, en Corcubión, en Corcubión, ou outro concello, terá que ir unha ambulancia convencional. Se ten que ser vostede trasladado a algún outro punto, ou a Santiago ou á Coruña, virá a ambulancia medicalizada, iso está no protocolo da Xunta de Galicia, eh. Non o estou inventando eu. Aí non pon que ten que ir ao hospital de Cee. O que pon é: sae unha ambulancia que o recolle a vostede, pois, por exemplo, en Laxe, se lle dá o infarto alí na praia, o levan nunha ambulancia convencional, sae a medicalizada de Santiago e a metade de camiño se encontran e o cambian a vostede. Si, o helicóptero si está libre, que hai dous para toda Galicia. E non creo que haxa só dous infartos en Galicia, nin dous ictus, nin dous accidentes, porque os helicópteros tamén actúan cando hai accidentes graves de tráfico ou doutro tipo de accidentes que teñen que evacuar a xente, non só cando hai este tipo de emerxencias.

Por tanto, se vostede con dous helicópteros cre que xa está cuberta a necesidade de transporte en Galicia para non ter, no caso da bisbarra da Costa da Morte, unha ambulancia medicalizada, ben, pois xa llelo explicará a vostede aos veciños da Costa da Morte. Nós, desde logo, entendemos que non é así. E, como digo, o protocolo da Xunta establece que se a vostede en Laxe lle dá un infarto, o levan nunha ambulancia normal ata onde se encontre vostede coa que sae de Santiago. Bueno, se vostede cre que ese é un servizo público de calidade e que atende as necesidades vitais daquelas persoas que poden ter un problema desas características, non pasa nada. Eu, loxicamente, o respecto, como non podía ser doutra maneira, pero non o comparto en absoluto, porque iso é o que motiva, loxicamente, entre outras cuestións, que presentemos esta moción.

Por tanto, xa vexo que non imos estar de acordo e que, unha vez máis, vostedes fan aquí de embaixadores da Xunta de Galicia. É imposible, é imposible que vostedes, nos dez anos que eu levo aquí de deputado, voten nada pedíndolle á Xunta de Galicia, imposible. Nin sequera algo tan sensible como unha ambulancia. Ou dúas ambulancias, que non estamos a falar de 400 millóns de euros de gasto. Nin sequera para dúas ambulancias somos capaces de que o Partido Popular na Deputación Provincial da Coruña exixa algo á Xunta de Galicia, imposible. Ben, pois, como digo moitas veces, non perdo a esperanza. A ver se antes de marchar de aquí algún día os vexo a vostedes votar a favor de algo que lle pidamos á Xunta de Galicia, pero ata o de agora non tivemos esa sorte, non nós, que é o de menos, os cidadáns desta provincia. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Ben Otero

Perdón pero al ser interpelado directamente... Igual, no me ha entendido porque, como ya tiene la réplica preparada, entonces... pero, oiga, hay ambulancia de servicio vital básico, de soporte vital básico en Carballo, Ponteceso, Vimianzo, Cerceda, Cee y Mazaricos. Sí la hay en Vimianzo, sí doña Mónica, sí hombre sí. Entérese un poco de lo que hay en su ayuntamiento. Claro que la hay, sí la hay. Y después espero que me mande un WhatsApp... no no, de servicio, de soporte vital básico.

La cuestión es que yo también podía presentar aquí una iniciativa diciendo que haya una ambulancia medicalizada en cada ayuntamiento, en los 93. Oiga, como el bien mayor, pero la cuestión... También podemos hacer una cosa, ya que estamos en plan de competencias impropias, a lo mejor lo que podemos hacer desde la Diputación, en vez de hacer residencias en ayuntamientos porque sí, que no es una competencia nuestra, echar una mano en esta cuestión, o en otras. Quiero decir, vamos a ser un poco... Es que a mí no me gustan los debates demagógicos, no me gustan los debates



demagógicos. Me gusta tener un mínimo de coherencia para que lo que hoy aporte o lo que hoy diga no me ponga colorado mañana. Y, aparte, le voy a decir una cosa, señor Fernández, nosotros tenemos vocación de gobierno, tenemos la intención de gobernar esta institución, que luego sean los ciudadanos los que diriman o dictaminen si somos gobierno o somos oposición, y lo aceptaremos como debe ser, con naturalidad. Y somos muy, muy, muy conscientes de los compromisos que hemos adoptado como oposición para llevarlos a cabo cuando seamos gobierno. Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Procedemos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 13 deputados/as (7 do PSOE, 5 do BNG e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 17 deputados/as (12 do PP e, en virtude do artigo 74.1 do Regulamento Orgánico, 2 do PP, 2 do PSOE e 1 do BNG).

O Pleno, por maioría, aproba a seguinte moción:

“Moción que presentan os Grupos Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG para solicitarlle á Xunta de Galicia a dotación dunha ambulancia medicalizada na Comarca de Bergantiños e na Costa da Morte

A comarca de Bergantiños, co concello de Carballo como núcleo central e de maior poboación, aglutina a preto de 70.000 habitantes, dos cales máis de 31.000 residen no municipio de Carballo. Esta realidade demográfica, unida á dispersión poboacional propia do noso territorio, ao volume de actividade industrial e á distancia cos hospitais de referencia situados na Coruña, fai imprescindible contar cuns servizos de emerxencias sanitarias á altura das necesidades da veciñanza desta comarca.

Ademais, os concellos da Costa da Morte levan máis de vinte e cinco anos reclamando a dotación dunha ambulancia medicalizada de soporte vital avanzado (SVA), un recurso esencial para garantir unha atención sanitaria urxente rápida e de calidade nun territorio cunha elevada dispersión poboacional e con importantes distancias aos hospitais de referencia.

Cando falamos de emerxencias sanitarias graves —como infartos, ictus ou traumatismos severos—, o tempo de resposta é o factor crítico que determina a diferenza entre a vida e a morte, ou entre unha recuperación total e o padecemento de secuelas irreversibles. Actualmente, a falta de ambulancias medicalizadas (Unidade de Soporte Vital Avanzado) con base permanente nestas dúas comarcas obriga a depender en moitas ocasións de unidades desprazadas desde outras áreas, o que incrementa os tempos de resposta ata límites inasumibles.

Dúas comarcas desta entidade non poden seguir infradotadas nun servizo tan vital.

Esta non é, nin moito menos, unha reivindicación nova. Tal e como reflicte a hemeroteca, xa no ano 2005 o Partido Socialista facía peticións públicas e institucionais esixindo á



administración autonómica a implantación deste servizo fundamental. Tamén dende o BNG se reclamou esta dotación durante moitos anos, demostrando que se trata dunha necesidade obxectiva, compartida e evidente para a maioría da nosa sociedade e dos seus representantes.

Porén, non todas as forzas políticas mantiveron a mesma sensibilidade no pasado. Cómpre lembrar que nos anos 2011 e 2018, os deputados e deputadas do Partido Popular da provincia da Coruña votaron en contra desta posibilidade na cámara autonómica. Malia estes antecedentes, dende os grupos asinantes desta moción agardamos sinceramente que esa tendencia cambie no día de hoxe. A saúde e a vida dos nosos veciños e veciñas deben estar sempre por riba de calquera sigla partidista, e confiamos en que o PP provincial se sume por fin a esta demanda histórica, permitindo que esta corporación faga unha fronte común e unánime.

Dotar aos Concellos de Bergantiños e da Costa da Morte de dúas ambulancias medicalizadas non é un luxo, é unha cuestión de equidade e xustiza sanitaria. A cidadanía destas comarcas teñen que ter os mesmos servizos que a das grandes cidades, e merece contar coas mesmas garantías ante unha emerxencia médica vital.

Por todo o exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen ao Pleno da Corporación Provincial a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.Instar á Xunta de Galicia, e de forma específica á Consellería de Sanidade e á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, a dotar de forma urxente e permanente ao Centro de Saúde de Carballo dunha ambulancia medicalizada (Unidade de Soporte Vital Avanzado) que preste servizo as 24 horas do día para cubrir as necesidades de toda a comarca de Bergantiños.

2.Instar á Xunta de Galicia, e de forma específica á Consellería de Sanidade e á Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061, a dotar de forma urxente e permanente ao Centro de Saúde de Cee dunha ambulancia medicalizada (Unidade de Soporte Vital Avanzado) que preste servizo as 24 horas do día para cubrir as necesidades de todos os Concellos da Costa da Morte.

3.Dar traslado deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia, ao Conselleiro de Sanidade, e a todos os Grupos Parlamentarios con representación no Parlamento de Galicia.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Presidente

Moi ben. Algún rogo ou pregunta?



Sr. Ben Otero

Unha pregunta, presidente. O outro día tivemos a oportunidade de velo a vostede nos medios de comunicación visitando o Concello da Coruña e anunciando un investimento importante, ou ben, polo que se deducía, un investimento importante no campo de fútbol de Riazor. E, nós *a priori* non temos unha postura clara respecto a isto. O que si queremos é ter un coñecemento se hai uns prazos para facer este investimento, se sabemos de que cantidade estamos falando, cando se ten pensado facer isto, porque se é simplemente, digamos, entre comiñas, unha cortina de fume para colaborar coa alcaldesa da Coruña para tapar o flagrante fracaso respecto á sede mundialista, é unha cousa, Iso é xogo político e podémolo entender. Se hai un compromiso real seu para achegar unha cantidade de cartos, nós queremos ter coñecemento desa cantidade e dar unha opinión respecto dela. Nada máis e grazas.

Sr. Presidente

Ben, pois dentro das tarefas habituais de representación desta casa noutras administracións, fun invitado a esa rolda de prensa que dimos e, efectivamente, hai un compromiso, como temos con todas as cidades da provincia da Coruña, para axudar e sumar un grao de area, tendo en conta cales son os nosos recursos limitados económicos, na reforma dos estadios e complexos deportivos que teñen transcendencia tractora nas comarcas, igual que axudamos a remodelar as gradas do estadio do Racing de Ferrol e recentemente o alumeado do estadio do Racing de Ferrol; axudamos recentemente, en fin, acordamos aquí por unanimidade axudar a reformar as instalacións do estadio de San Lázaro en Compostela, e no seu momento aprobamos aquí por unanimidade tamén axudar a reformar o que eran as cubertas do estadio de Riazor. É dicir, non hai máis aló que o compromiso de colaborar, sen fixar ningunha cantidade, porque non hai un proxecto de remodelación e, por tanto, a nosa achega vai ser sempre consecuente coa nosa limitación de recursos económicos. E, en calquera caso, terán a información cando nós a teñamos, porque á data de hoxe non a temos. É simplemente pola nosa parte unha intención de colaborar e mellorar unha infraestrutura que é tractora do deporte provincial. Nada máis.

En calquera caso, estaba invitada tamén a Xunta de Galicia, que non estivo nesa reunión, pero invitada estaba. Moitas grazas.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 13:27 horas.